

**ESTUDO DE VIABILIDADE E MEMORIA
ECONOMICA - FINANCEIRA ASOCIADADA PARA A
DETERMINACION DOS PREZOS DOS SERVIZOS A
PRESTAR NO NOVO CENTRO DE ATENCION A
PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA**

INITO CONSULTING S.L.

JUAN PABLO GUERRERO

MAIO 2018



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO





int()
CONSULTING

INDICE

INDICE	1
SINOPSIS	6
1 SINOPSIS.....	7
PRIMEIRA PARTE. ANTECEDENTES E INTRODUCCIÓN XERAL.....	9
2 INTRODUCCION	10
3 ANTECEDENTES	11
3.1 <i>PRESENCIA NA SOCIEDADE. NOTICIAS DE PRENSA</i>	<i>27</i>
3.2 <i>RAZONS IMPULSORAS DO PROXECTO</i>	<i>30</i>
3.2.1 <i>Evolución da poboación.....</i>	<i>31</i>
3.2.2 <i>Distribución da poboación por idades.....</i>	<i>31</i>
3.2.3 <i>Os fogares.....</i>	<i>34</i>
3.2.4 <i>Os ingresos</i>	<i>35</i>
3.2.5 <i>O índice de dependencia senil.....</i>	<i>36</i>
3.2.6 <i>A demanda potencial en A Fonsagrada e comarca.....</i>	<i>37</i>
3.2.7 <i>Resumen estratéxico</i>	<i>40</i>
4 OBXECTIVOS DO TRABALLO	41
5 METODOLOXIA Y FUNDAMENTOS.....	41
5.1 <i>METODOLOXIA.....</i>	<i>41</i>
5.2 <i>FUNDAMENTOS DO TRABALLO</i>	<i>42</i>
SEGUNDA PARTE. A SITUACION ACTUAL	44
6 A SITUACION ASISTENCIAL ACTUAL.....	45
6.1 <i>DATOS XERAIS.....</i>	<i>45</i>
6.2 <i>ASPECTOS SOCIOLÓXICOS E SANITARIOS.....</i>	<i>48</i>
6.3 <i>ASPECTOS ECONÓMICOS.....</i>	<i>50</i>
6.4 <i>CARTEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS QUE SE PRESTAN EN GALICIA</i>	<i>55</i>
6.4.1 <i>Tele asistencia domiciliaria</i>	<i>56</i>

6.4.2	Servizo de axuda no fogar	56
6.4.3	Residencias para persoas maiores dependentes.....	57
6.4.4	Outros de incidencia económica.....	58
6.4.5	Prazas residenciais en Galicia.....	60
7	O ENTORNO LEGAL	72
7.1	<i>LEXISLACION ESPECIFICA DE SERVICIOS SOCIAIS E DEPENDENCIA.....</i>	<i>72</i>
7.1.1	Lei 39/2006 de 14 de decembro (Lei de Dependencia do Estado)	72
7.1.2	Lei 13/2008 de 3 de decembro (Lei de Servizos Sociais de Galicia)	72
7.1.3	Decreto 254/2011 de 23 de decembro. Rexistro, Autorización, Acreditación e Inspección de Servizos Sociais de Galicia.	72
7.1.4	Decreto 149/2013 de 5 de novembro, Carteira de Servizos	74
7.1.5	Orde de 18 de abril de 1996. desenvolvemento do decreto 243/1995 de 28 de xuño sobre requisitos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.....	74
7.1.6	Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia. ano 2018.....	74
7.1.7	Convenio colectivo de persoal da Deputación Provincial de Lugo.....	74
7.2	<i>LEXISLACION SOBRE CONTRATACION</i>	<i>74</i>
7.2.1	Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público	74
7.3	<i>LEXISLACIÓN ORZAMENTARIA E DE RACIONALIZACIÓN</i>	<i>74</i>
7.3.1	Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. 74	74
7.3.2	Orde HAP/2075/2014 de 6 de novembro pola que se establecen os Criterios de Cálculo do coste efectivo dos servizos por entidades locais.	74
7.3.3	Lei 3/2017 de 27 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017	75
7.3.4	Lei 14/2013 de Racionalización do Sector Público Autonómico	75
	PARTE TERCEIRA. O MODELO DE XESTION.....	76
8	A XESTIÓN DOS SERVIZOS PUBLICOS MUNICIPAIS.....	77
9	INTRODUCCIÓN E CUESTIONS PREVIAS	77
10	DEFINICION DUN SERVIZO PUBLICO	81
11	A EXTERNALIZACION. ALGUNHAS REFERENCIAS HISTÓRICAS.....	82

12	OS DIFERENTES MODELOS DE XESTION DUN SERVIZO PÚBLICO.....	87
12.1	<i>CARACTERÍSTICAS XERAIS.....</i>	87
12.2	<i>MODOS DE XESTIÓN DOS SERVIZOS PUBLICOS.....</i>	88
12.2.1	Definición do contrato de servizos	90
12.3	<i>A XESTIÓN DIRECTA E INDIRECTA. ARGUMENTOS A FAVOR E EN CONTRA</i>	90
12.4	<i>RESUMO</i>	92
12.5	<i>A XESTIÓN INDIVIDUAL E A XESTIÓN COMPARTIDA</i>	93
12.6	<i>CONCLUSIONS E RECOMENDACIONES SOBRE O MODELO DE XESTIÓN.....</i>	93
13	O MODELO DE XESTIÓN PROPOSTO	95
13.1	<i>FUNDAMENTOS.....</i>	95
13.2	<i>CRITERIOS TÉCNICOS</i>	96
13.2.1	Valor estratéxico do servizo a prestar.....	96
13.2.2	Os recursos humanos.....	101
13.2.3	Investimentos	102
13.2.4	Capacidade de xestión	103
13.2.5	Control e avaliación.....	103
13.2.6	O custo certo.....	104
13.3	<i>A TRANSPARENCIA NO PROCESO</i>	104
13.4	<i>OS CONDICIONANTES TÉCNICOS LEGAIS.....</i>	105
13.5	<i>CONCLUSIONS</i>	109
PARTE CUARTA. ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO - FINANCEIRA.....		112
14	INTRODUCCION.....	113
15	PLANTEXAMENTO DA ACTIVIDADE	114
15.1	<i>PARTICULARIDADES TÉCNICAS DO CENTRO</i>	114
15.1.1	Definición da actividade	115
15.1.2	Descrición dos servizos e areas do centro	116
15.2	<i>REXIME DE UTILIZACIÓN DO CENTRO.....</i>	120

15.2.1	Usuarios	120
15.2.2	Período de adaptación	120
15.2.3	Réxime interior de funcionamento	120
15.2.4	Procedemento de abono das prazas	121
15.3	<i>REXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL DO CENTRO</i>	122
16	PROGRAMA DE XESTION. CARACTERISTICAS DO SERVIZO	123
17	ANALISE ECONOMICA GLOBAL DO SERVIZO	126
17.1	<i>INTRODUCCIÓN</i>	126
17.2	<i>REQUERIMENTOS DE PERSOAL DE ATENCION DIRECTA GLOBAL</i>	127
17.2.1	Convenio Colectivo de aplicación	132
18	ESTRUTURA DE CUSTOS DO SERVIZO EXTERNALIZADO	133
18.1	<i>CUSTOS DE PERSOAL</i>	133
18.1.1	Custos unitarios de persoal	133
18.1.2	Custos totais de persoal do servizo externalizado	140
18.2	<i>OUTROS CUSTOS OPERATIVOS DO SERVIZO EXTERNALIZADO</i>	141
18.3	<i>TIPO DE LICITACIÓN PARA O SERVIZO EXTERNALIZADO</i>	144
19	ESTRUTURA DE CUSTOS DA XESTIÓN CON MEDIOS PROPIOS	146
19.1	<i>CUSTOS DO PERSOAL</i>	146
19.1.1	Custo unitario de persoal interno	146
19.1.2	Custe total do persoal interno	155
19.2	<i>OUTROS CUSTOS OPERATIVOS NA XESTIÓN DIRECTA</i>	156
20	VIABILIDADE ECONOMICA DO CENTRO	159
20.1	<i>ESTRUTURA DAS VENDAS</i>	159
21	DETERMINACION DOS PREZOS PUBLICOS	161
22	PARTICIPACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO	162
CONCLUSIONS	163
23	CONCLUSIONS	164



DEPUTACION DE LUGO



1 SINOPSIS

O traballo que a continuación presentamos pretende transmitir o desenvolvemento dunha actividade futura, promovida pola Deputación Provincial de Lugo para facer fronte á patente necesidade de atención residencial e de atención diúrna as persoas maiores no Concello de A FONSAGRADA e comarca. Para iso foi acometido xa o fito máis determinante, deuse forma á infraestrutura necesaria con todo o seu equipamento.

Trátase dun edificio moderno, con todas as garantías técnicas e cumprimento de todos os requisitos legais que obrigan a definir unha utilización racional, igualitaria, coherente e eficiente da instalación. A atención ás persoas maiores autónomas e, con diferentes grados de dependencia na contorna de A FONSAGRADA e a súa comarca, así o demandan.

O presente estudo de viabilidade pretende reflectir as liñas básicas sobre as que deberá discorrer o futuro da instalación. Que funcione, que atenda ao maior número de usuarios posible, que se converta nun referente asistencial no Concello e comarca, e que traslade ao colectivo que potencialmente poida necesitar estes servizos, unha sensación de recurso ao seu alcance que mellore a súa calidade de vida e a dos seus familiares.

Este estudo virá impregnado dun sentimento claro e irrenunciable. A diferenza entre a prestación dun servizo socio sanitario, respecto da prestación de calquera outro servizo público (limpeza, xardinería, mantementos, etc.) é que estes últimos préstanse para o correcto funcionamento de espazos destinados ao uso e goce das persoas. Con todo, non debemos esquecer que os servizos socio sanitarios entre os que se atopan a atención as persoas maiores nas súas diferentes modalidades, **préstanse directamente ás persoas.**

A “non calidade” neste tipo de servizos asistenciais, **e polo tanto inasumible**, xa que non incide sobre o mellor ou peor funcionamento, ou aspecto estético dun espazo ou infraestrutura, **incide directamente sobre a calidade de vida das persoas e os seus familiares.** É por iso, que, este tipo de servizos de atención residencial a persoas maiores non pode permitirse o luxo de navegar entre estándares de calidade aceptables dende un punto de vista meramente administrativo. A calidade esixida será sempre a máxima posible, e en caso de non acadarse, deberán activarse os plans de mellora e seguimento correspondentes.

Nesta liña, o aceptable na súa futura xestión deberá ser unicamente a excelencia, a súa integración na sociedade de A FONSAGRADA, a sensibilidade cara ás circunstancias persoais dos usuarios, a proximidade aos mesmos e aos seus familiares, a coordinación cos servizos sociais do Concello e a Deputación Provincial e a máxima aliñación coas estratexias en canto a servizos sociais de atención residencial, da Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo que se promove unha actividade económica sostible e co lóxico beneficio industrial para o operador ou operadores elixidos, para provedores especializados, e por suposto xerador de empregos con maior ou menor grado de cualificación, no Concello e a comarca.

Todo o anterior, tentaremos recollelo en **CATRO** fases diferenciadas do presente traballo que se poden resumir do seguinte xeito.

Na **PRIMEIRA**, e a modo de introdución, indicaremos os antecedentes que impulsaron o proxecto no seu momento, os obxectivos que se pretenden conseguir e unha referencia sobre a metodoloxía utilizada no presente traballo.

Na **SEGUNDA** tentaremos fotografar a situación actual dos servizos de atención residencial en Galicia, na provincia e na zona a estudar, a estrutura da poboación e a súa proxección demográfica e social no Concello e comarca. Sinalaremos indicadores relevantes de carácter

demográfico, e socio - económico sen deternos moito xa que, todos eles se atopan no IGE e existen numerosos traballos que os estudan en profundidade. Realizaremos unha viaxe pola contorna legal e a Normativa de aplicación para a posta en marcha e desenvolvemento futuro do servizo. Dende as leis propias de servizos sociais, dependencia, etc. ate as mais recentes de contratación pública, leis orzamentarias, leis de racionalización e sostenibilidade da administración pública, en xeral toda aquela normativa que de un xeito ou outro afecte a posta en servizo do centro de atención a persoas maiores de A FONSAGRADA.

Na **TERCEIRA** parte deterémonos nun aspecto relevante que debe ser analizado á hora da posta en marcha de calquera servizo de titularidade pública. Trátase de xustificar axeitadamente o **modelo de xestión** elixido, na procura dos obxectivos máis amplos dentro do marco das posibilidades de contratación que ofrece a recente Lei de Contratos 9/2017, e as obrigas e responsabilidades da administración contratante segundo as Leis de Bases de Réxime Local.

Neste apartado considerámonos na obriga de expor as diferentes modalidades de xestión posible e a nosa opinión sobre as dificultades en bondades de cada una de elas. A decisión sobre o modelo de xestión sosterase sobre aspectos non unicamente de eficiencia senón de gobernanza e prevalencia do servizo público e a atención a cidadanía. É dicir, cara a modalidade de xestión elixida teranse en conta os aspectos técnicos e económicos, **manténdose en todo momento a natureza de servizo público e o total control por parte da Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A FONSAGRADA**. Como non podía ser doutro xeito, faremos fincapé en que, independentemente do modelo de xestión elixido (que xa pormenorizaremos) o Servizo de atención as persoas maiores de A FONSAGRADA seguirá sendo público. A externalización en ningún caso implica privatización.

Determinado o modelo de xestión elixido para o futuro Centro de atención a persoas maiores de A FONSAGRADA, na **CUARTA** parte presentaremos os conceptos previstos, que definirán a viabilidade da actividade desde o punto de vista económico e financeiro. Describírase a actividade e o réxime de utilización do centro, o modelo de seguimento da xestión e o seu regulamento de réxime interior. Estableceranse as estruturas de ingresos e gastos, e como consecuencia, as posibles tarifas ou prezos dos servizos a satisfacer polos usuarios.

Os prezos obtidos, que puideran ou non converterse en tarifas, son os que denominaremos “de mercado” obtidas do custo certo da xestión do centro, que, no en tanto, poderán verse reducidas para o usuario que o precise, coas achegas ou axudas por parte do Concello, definidas para cada tipoloxía de usuario, e as súas circunstancias. Todo isto nos determinará os ingresos previstos a través da estrutura de vendas prevista.

Nesta parte CUARTA presentaremos a estrutura económico – financeira do centro en base a utilización prevista no seu deseño inicial en canto ao número de usuarios previsto para a atención diúrna (centro de día) e para a atención residencial (residencia).

As **CONCLUSIÓNS** e reflexións sobre o contido do presente informe constituirán a parte última. Tendo en conta que aquí se recollen en gran medida, opinións fundamentadas na experiencia do equipo redactor na xestión de este tipo de servizos, dita opinión é, polo tanto, susceptible de matices e ata opinións diferentes de expertos no sector de actividade de que se trata. O que sen dúbida o converterá nun documento de traballo e debate que redundará na adopción das mellores solucións posibles.



PRIMEIRA PARTE. ANTECEDENTES E INTRODUCCIÓN XERAL


2 INTRODUCCION

Varios son os factores, como os avances médicos, a sociedade do benestar, etc., que provocaron o incremento da esperanza de vida. A este aumento da lonxevidade súmanselle cambios sociais, que progresivamente favorecen o constante incremento da solicitude de prazas en residencias asistenciais para persoas maiores e de atención diúrna en os denominados centros de día.

En España entre 1994 e 2016, **a esperanza de vida ao nacemento dos homes pasou de 74,4 a 80,4 anos e a das mulleres de 81,6 a 85,9** anos, segundo os indicadores demográficos básicos que publica o INE. Neste período mantívose unha diferenza apreciable na incidencia da mortalidade por sexos en España, aínda que, a ratio de masculinidade á defunción (número de defuncións de homes por cada 100 defuncións de mulleres residentes en España) descendeu de xeito relevante neste período. No ano 1994 producíanse 113,2 defuncións de homes por cada 100 defuncións de mulleres, no ano 2016 esta cifra alcanza un valor de 103,0 defuncións de homes por cada 100 defuncións de mulleres

Unha característica das últimas décadas foi a mellora das expectativas de vida nas persoas de idade madura e avanzada. No período 1994-2016 (cifras provisionais), o horizonte de anos de vida aos 65 anos dos homes e das mulleres aumentou en 3,2 anos e en 3,0 respectivamente. Unha vez cumpridos os 85 anos, no período 1994-2015, o aumento de esperanza de vida foi de 0,9 anos nos homes e 1,1 anos nas mulleres. Segundo estas proxeccións, a esperanza de vida, ao nacemento, alcanzaría os 83,2 anos nos homes e os 87,7 nas mulleres no ano 2031, o que supón unha ganancia respecto dos valores actuais de 3,3 e de 2,3 anos respectivamente.

Evolución de la esperanza de vida al nacimiento



Nota: 2016 datos provisionales

Fuente: Tablas de mortalidad. INE

Como sucede na práctica totalidade dos países desenvolvidos, o envellecemento progresivo da poboación está a ter unha forte incidencia en Galicia e polo tanto tamén no Concello de A FONSGRADA e comarca que dispón no IGE dos seus propios indicadores.

Ademais do incremento de esperanza de vida xa sinalado, a causa do envellecemento da poboación ten como protagonista principal a redución progresiva da natalidade, situándose na actualidade por baixo da taxa de recambio xeracional.

Outro factor relevante a ter en conta é **a maior taxa de supervivencia das persoas afectadas por alteracións conxénitas e enfermidades crónicas en xeral**, así como a crecente incidencia da accidentabilidade. Todo iso contribúe a aumentar no noso país o número de persoas en situación de dependencia nos seus diferentes grados tipificados.

Existen estudos que determinan datos relevantes como os seguintes:

- Un 1% da poboación anciá está inmobilizada
- Un 6% padece severas limitacións nas actividades básicas da súa vida cotiá
- Un 10% máis, presenta incapacidade moderada. Disparándose as cifras por enriba dos 80 anos.
- Mais do 30% das persoas maiores de 65 anos teñen algún tipo de discapacidade
- Só o 5% da poboación menor de 65 anos ten algún tipo de discapacidade.

Relacionado con todo o anterior, debemos considerar, e resaltar tamén, o fenómeno chamado **“envellecemento do envellecemento”** o que determina, dentro do propio colectivo de persoas maiores, o nacemento do que algúns especialistas veñen denominar a **“cuarta idade”**. Esta tendencia continuará nos próximos anos con importantes repercusións, dada a **lóxica asociación entre a esperanza de vida e o aumento real da incapacidade**.

Por outra banda, o previsible aumento da dependencia avanza unido a un palpable **debilitamento da estrutura de soporte das redes familiares**, que sen ningunha dúbida e ata a data, segue sendo o principal provedor dos coidados demandados. Os cambios socio - demográficos, o acceso xeneralizado da muller ao mundo laboral e, os cambios nas estruturas familiares convencionais, están orixinando un forte descenso do número de coidadores potenciais que é considerado de gran transcendencia por todas as autoridades encargadas de deseñar e reformular todas as prestacións sociais existentes na actualidade.

Como remate desta introdución, é importante sinalar a **ampla dispersión xeográfica e poblacional e o agrupamento en pequenos núcleos rurais**, nos que a poboación vai envellecendo como consecuencia da emigración da poboación máis nova, co deterioro do tecido socio-económico que iso supón e que agrava enormemente o problema de achegar os recursos aos cidadáns

3 ANTECEDENTES

Co sinalado na introdución anterior e os datos que máis adiante se indicarán no apartado correspondente á situación actual, o Concello de A Fonsagrada e a Deputación Provincial de Lugo, tras a clara demanda cidadá pon en marcha no ano 2011 o proxecto para a construción e

posterior xestión dun Centro Residencial para Persoas Miores no seu termo municipal, constituíndose un grupo de traballo que, aglutinando a diversos colectivos sociais e políticos, expúxose o obxectivo de promover, construír e xestionar o citado espazo para dar solución á crecente demanda de prazas de atención residencial na zona.

1º. En data **31 de xaneiro de 2011**, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada, firman o “*Convenio para a construción e xestión dun centro para a terceira idade no concello de A Fonsagrada*” a través dunha encomenda de xestión a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. (SUPLUSA)

2ª. En data **30 de outubro de 2015** a Deputación de Lugo presenta solicitude para a autorización de creación do centro de servizos sociais de referencia. Residencia

3ª. En data **5 de novembro de 2015** a Deputación Provincial de Lugo presentan solicitude para a autorización de creación dun centro de servizos sociais de referencia. Centro de día.

4º. En data **16 de marzo de 2017** a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia concede a seguinte autorización:

“CREACIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES “RESIDENCIAL ROIS” DE A FONSGRADA, cun total de 28 prazas residenciais e 2 prazas de enfermaría, situado na Rúa Parque no concello de A FONSGRADA (Lugo)”

5º. En data **16 de marzo de 2017** a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia concede a seguinte autorización:

“CREACIÓN DO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS CENTRO DE DIA PARA PERSOAS MAIORES RESIDENCIAL ROIS DE A FONSGRADA”, cun total de 20 prazas , situado na Rúa Parque no concello de A FONSGRADA (Lugo)”

6º. En data **21 de marzo de 2018**, O Alcalde de A Fonsagrada e o Presidente da Deputación Provincial de Lugo asinan o denominado PROTOCOLO XERAL DE ACTUACION PARA IMPULSAR A APERTURA AOS USUARIOS DA REDE INTERMUNICIPAL DE CENTROS DE ATENCION AS PERSOAS MAIORES PROMOVIDOS E/OU FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL no que se recolle como mais relevante o seguinte:

No seu artigo primeiro:

“.....O sistema galego de servizos sociais, segundo artigo 4 da LSSG réxese polos principios de universalidade, prevención, responsabilidade pública, igualdade, equidade e equilibrio público territorial, solidariedade, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, participación, integración e normalización, globalidade, descentralización e proximidade, coordinación, economía, eficacia e eficiencia, planificación, avaliación e calidade.

A Deputación de Lugo e os Concellos que participan neste protocolo xeral, manifestan expresamente a súa firme convicción de prestar os servizos públicos de atención directa a través de programas pertencentes aos servizos sociais comunitarios específicos nos centros de atención as persoas maiores, tanto residenciais como non residenciais, financiados ou promovidos desde as entidades locais, actuando como servizos de proximidade no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e a calidade de vida; e, como efecto derivado, a dinamización, socialmente sostible da actividade económica local.

E, no apartado AS PARTES MANIFESTAN DE CONSUNO A VONTADE DE: sinala

1.- *Impulsar sistemas de coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente cos concellos con residencias e centros de día rematados ou próximos a finalizar, para a súa posta en funcionamento e para satisfacer as necesidades sociais existentes coa maior celeridade posible.*

2.- *Dar resposta as necesidades da poboación mediante una axeitada planificación previa*

3.- *Prestar de forma eficaz e eficiente, como servizo público, o seu servizo social comunitario específico en centros de atención as persoas maiores.*

4.- *Minorar os custos derivados da prestación illada: primaranse criterios de calidade, de economía, de eficiencia e de eficacia na xestión, así como no uso racional dos recursos públicos, tanto económicos como humanos e materiais, mediante mecanismos de economía de escala, facendo uso das técnicas de contratación pública agregada o conxunta.*

5.- *Garantir o acceso a veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante una oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade, fornecendo criterios de acceso homoxéneos por razóns de situación biopsicosocial e por razóns de proximidade ao recurso, nomeadamente priorizando a residencia no municipio e na bisbarra correspondente.*

6.- *Garantir a dirección e coordinación, das prestacións, con base na función pública das entidades locais implicadas na rede (Deputación e Concellos), de modo que o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas o una salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas se desempeñen exclusivamente por funcionarios públicos (artigo 9.2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro (EBEP) e artigo 92.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril)*

7.- *Establecer un control e una inspección pública permanente dos centros de atención as persoas maiores e os programas e actuacións que se desenvolven neles.*

8.- *Fixar un sistema de presos públicos homoxéneos en toda a provincia acorde coa capacidade económica das usuarias, e usuarios.*

9.- *Manifestar, como prioritaria, a opción pola xestión directa, como medio para implementar as tarefas e prestacións necesarias para un servizo de calidade e apegado as persoas usuarias, sen prexuício de que por mor das limitacións da lexislación orzamentaria e de emprego público, e mentres estas se manteñan, se externalicen tarefas materiais e técnicas de prestacións concretas, non reservadas á función pública, mediante contratos administrativos de servizos, en todo caso, vencellado á planificación dos recursos humanos dos asinantes, co fin de evitar a descapitalización do seu propio persoal técnico especializado.*

10.- *Impulsar, que o persoal técnico dos concellos e da Deputación, traballen en rede cooperativa, formando grupos de traballo para a elaboración dos documentos técnicos necesarios para axilizar a posta en funcionamento dos centros de atención a maiores: tramitación de autorizacións administrativas necesarias, normas de acceso e funcionamento internos, estudos de viabilidade, financiamento, presos a pagar polos usuarios.*

11.- *Elaborar un Convenio Marco de Cooperación para someter á aprobación dos órganos competentes de cada administración, que se asinaría, como data orientativa a finais de marzo/principios de abril. Este convenio fixará. Con contido que marca a LRXSP, para os*

convenios interadministrativos, a competencia dos concellos que participen, e da Deputación (cooperación) para a prestación dos servizos sociais residenciais e de día, as obrigas asumidas por cada parte, o sistema de financiamento coa determinación das respectivas aportacións; o obxecto e fins; a prestación do servizo; a duración do convenio; a súa posible modificación; a extinción e efectos, xunto co seu réxime xurídico. Neste convenio marco poderá preverse adicionalmente, un mecanismo de adhesión doutros concellos que non teñan centros de atención a maiores, pero si potenciais usuarios que amosen a vontade de aportar financiamento e adherirse ao sistema.

12.- Elaborados os documentos esixidos pola normativa de aplicación, propoñer aos órganos competentes, nomeadamente dos concellos, como titulares da competencia en servizos sociais comunitarios específicos, a adopción dos acordos necesarios para a apertura das residencias e centros de día e o seu funcionamento, coa coordinación e cooperación da Deputación Provincial. A estes efectos, fíxase como data orientativa finais do mes de abril/principios de maio, para fixar o réxime xurídico aplicable para a prestación dos servizos residenciais e desenvolver os trámites que requira a lexislación sectorial e de réxime local.

13.- Efectuados os trámites que preceden, aprobar os convenios específicos entre a Deputación e cada un dos concellos adheridos ao sistema para ultimar os trámites necesarios para o inicio das actividades dos distintos equipamentos. Os convenios específicos que se asinen deberán ser respectuosos co Convenio Marco e adaptar as singularidades de cada municipio, pero sempre axustándose á regra xeral de igualdade e coordinación, a fin de lograr una cobertura equilibrada dos servizos sociais no territorio da provincia, con preferencia pola proximidade xeográfica dos usuarios (por orde deberá ser residencia no concello, bisbarra, provincia), con criterios de economía, eficiencia, eficacia na xestión e perspectiva social; facendo un uso racional dos recursos públicos existentes, con independencia da concreta administración titular dos centros; con dispoñibilidade ou achega de medios humanos, técnicos ou financeiros, no seu caso, das instalación dos centros que en cada caso procedan. Os convenios específicos deberán xustarse tamén á normativa de aplicación. Establécese como data orientativa para a sinatura destes instrumentos o mes de xuño, principios de xullo de 2018.

14.- Reclamar a colaboración da Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 64 bis da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

E, no apartado VIXENCIA E NATUREZA XURÍDICA DESTE PROTOCOLO sinala

I.- O presente protocolo terá vixencia desde a data da súa formalización ata a celebración con cada un dos concellos adheridos ao sistema do convenio específico referido no apartado precedente (epígrafe 13). No suposto de que durante a vixencia deste protocolo cambiasen as condicións contempladas neste, as partes de mutuo acordo, subscribirán a correspondente addenda.

II.- A natureza xurídica deste documento é a de un protocolo xeral de actuación que expresa a vontade da Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada no fin e obxectivo común de poñer en funcionamento os equipamentos, residencias e centros de día promovidos e/ou financiados desde a Deputación e os concellos da provincia, como servizos sociais comunitarios específicos.

III.- Ao presente protocolo aplícaselle o Réxime Xurídico previsto no art. 47.1 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, para os Protocolos Xerais de Actuación.

10º. En data **23 de marzo de 2018** o Pleno da Corporación Municipal do concello de A Fonsagrada acorda prestar aprobación ao Convenio Marco Interadministrativo de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para implementar e executar un sistema de servizos sociais

no Centro de atención a persoas maiores nos termos do proxecto anexo o citado **Convenio Marco**. No que se recolle como mais relevante o seguinte:

“SEGUNDO.- A Deputación provincial en colaboración con distintos Concellos da Provincia acometeu un ambicioso proxecto de construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en residencias e centros de día, que ou ben están finalizadas, próximas a rematar ou en execución.

Existe unha necesidade efectiva, con crecemento exponencial, destes equipamentos e dos servizos de atención social que desde eles se prestan, atendendo tanto a idade avanzada da poboación lucense, singularmente no medio rural, como a dispersión xeográfica, a que desde o poder político local se lle vai dar resposta.

Para impulsar a inmediata apertura aos usuarios desta rede de centros de atención a persoas maiores, a Deputación Provincial aprobou un protocolo xeral de actuación, en sesión da Xunta de Goberno de data 16 de marzo de 2018, que se trasladou a distintos Concellos con centros en condicións de comezar a funcionar de xeito inmediato.”

“.....A sistemática a implantar basease no respecto a autonomía municipal e o papel cooperativo, coordinador e de asistencia da Deputación, e garantirá o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade....”

“.....Propugnase unha xestión dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade nas atencións aos usuarios, cunha financiación sostible acorde a capacidade económica dos usuarios, progresiva e redistributiva...”

“CUARTO.- Distintos convenios de colaboración asináronse entre a Deputación e os Concellos; en concreto os seguintes:

*1. Convenios para construción de centros (Castroverde, Trabada, Pedrafita, **A Fonsagrada**, Ribas do Sil, Pol, Navia de Suarna, Meira, Guitiriz) e convenios para o financiamento da construción destes centros (caso Concello de Ribadeo), asinados con anterioridade a entrada en vixencia da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

2. Outros Convenios, para construción, como os de Becerreá, a Pontenova, Pobra do Brollón(...) que xa se tramitaron e aprobaron vixente a Lei 40/2015, de 1 de outubro.

*Os anteriores a Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP) deben necesariamente acomodarse ao réxime xurídico dos convenios interadministrativos previsto con amplitude na citada norma, capítulo VI (artigos 47 e seguintes), en cumprimento da Disposición Adicional oitava (“Tódolos convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta Lei”). Neste sentido para as Concellos que sexan parte neste convenio marco e nos asinados en 2011 para a construción dos centros de atención a persoas maiores (Castroverde, Trabada, Pedrafita, **A Fonsagrada**, Ribas do Sil, Pol, Navia de Suarna, Meira, Guitiriz) pode entenderse que este marco substitúe, a aqueles asinados no 2011, especialmente nos aspectos que se vexan inmediatamente modificados, entrando cada un deste convenios en fase de extinción e liquidación.”*

*“QUINTO.- Finalizada a construción ou, cando menos, a piques de rematar para os centros de atención a maiores de Ribadeo, Pol, Trabada, **A Fonsagrada**, Castroverde, Pedrafita e Ribas do Sil, cómpre fixar os alicerces administrativos e financeiros, sostibles no tempo, para o seu funcionamento nun horizonte de meses e, en todo caso, antes de rematar este ano 2018, tal e como por outra parte se indica no protocolo de impulso aprobado pola Deputación e asumido polos distintos Alcaldes, que mostraron interese en adherirse a este sistema.”*

“SEXTO.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en diante LBRL) , na redacción dada pola Lei 27/201.3, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que

o municipio ejercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e). Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.”

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concréntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores do acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.”

“...O art. 36.1 da LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando nos apartados a) b) e d) as seguintes:

a.- A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.

b.- A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión (...).

c.- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (art. 36.1 d).”

“.....Os artigos 114 e 115 da LALG prevén, respectivamente, a asistencia económico - financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.”

“Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é a aparello mais acado e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso implantar e mellorar a prestación de uns servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia.”

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia a subscrición de convenios, como medios de

cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é mis eficiente na asignación de recursos económicos. Na estrutura deseñada neste convenio, cos específicos con cada Concello, mostrase como operativo e eficaz.”

DECIMOQUINTO.- Os concellos adheridos ao sistema [CONCELLO DE A FONSAGRADA] exercen competencias consonte ao establecido na normativa citada de réxime local e, nomeadamente na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A Deputación de Lugo ten como título competencial propio o de cooperación e colaboración cos concellos da Provincia no desenvolvemento das sas competencias, xunto coa coordinación para garantir a homoxeneidade e procurar a integridade territorial da prestación daqueles servizos que financia, cos que coopera no fin e colabora no logro. A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (cada concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.”

“.....As administración municipais e a provincial teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (art. 30 do TRLRL, art. 143 LRXSP, 31 LCSP, entre outros). A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe a utilización conxunta dos medios dispoñibles existentes e dos servizos públicos, encadrándose no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.”

CLAUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio de cooperación é:

- a) Fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores existentes nos Concellos da Provincia de Lugo que se adhiran ao presente sistema.
- b) Implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter as persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social. Deste xeito darase prioridade para o acceso aos residentes nos concellos, despois aos da bisbarra a que pertencen, e despois aos da provincia.
- c) Establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polos usuarios.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial de prestación dos servizos en centros de atención a maiores será o municipal e provincial, en función do municipio sé do centro e da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica para o acceso a estes establecementos.

Terceira.- Obxectivos e fins do sistema de cooperación.

- * O presente convenio baséase no principio xeral de cooperación interadministrativa, para coordinar e valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas socias de:
- * Prestar de forma eficaz e eficiente un servizo público de carácter social, comunitario específico, en centros de atención a persoas maiores.
- * Garantir unha dirección e coordinación pública (Concellos e Deputación) na prestación destes servizos e un sistema de inspección pública permanente.
- * Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade.
- * Fixar un sistema de prezos públicos acorde a capacidade económica dos usuarios, con cobertura pública (Deputación e Concellos) para aquelas persoas con menos recursos.
- * Minorar os custos antieconómicos da prestación illada, colaborando cos recursos públicos dispoñibles que se mobilizaran a tal fin, e instrumentando mecanismos de economía de escala e compra agregada

Cuarta.- Prestación do servizo.

Os servizos prestaranse directamente pola Deputación de Lugo e os Concellos que se adhiran ao sistema, que exercerán tódalas funcións públicas, reservadas pola lexislación gobernanza e función pública, sen que o risco da prestación do servizo sexa asumido por empresas privadas ou entidades de titularidade pública pero suxeitas ao dereito privado.

En ningún caso se podrán celebrar contratos que supoñan xestión indirecta, como o contrato de concesión de obras ou de servizos.

As partes neste convenio marco manifestan, a vontade compartida, de defender a xestión pública

directa, se ben constatan as dificultades legais para recrutar recursos humanos de carácter estable e estrutural dadas as limitacións fixadas na lexislación orzamentaria e de emprego público, de modo que este sistema de prestación se mostra como mis acaído dentro do marco legal e o novo réxime xurídico do sector público.

Como consecuencia das dificultades legais para contratar persoal por parte das administracións públicas, as tarefas de carácter material e técnico necesarias para a prestación real do servizo poderanse prestar mediante contratos administrativos de subministrados e servizos nos termos dos artigos 16 e 298 e seguintes (contrato de subministro); 15, 308 e seguintes e nomeadamente o artigo 312 da LCSP 9/2017, en tanto se ocupa das especialidades dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía,

A Deputación actuará como órgano de contratación en virtude deste convenio e do marco legal fixado no artigo 31 da LCSP 9/2017, e concordantes, exclusivamente para contratos de servizos e de ser necesario de subministracións.

A dispoñibilidade das achegas procedentes dos distintos Concellos incorporados ao sistema acreditarase, en xeral, nos termos previstos no artigo 116.2 da LCSP 9/2017, en relación coa cláusula sexta punto 82) deste convenio.

Quinta.- Obrigas e compromisos das partes:

5.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- 1. Efectuar o financiamento previsto na cláusula "sexta".*
- 2. impulsar un equipo técnico especializado en servizos sociais, responsable da calidade, integridade e transparencia das prestacións; así como un grupo de mantemento especializado nos equipamentos residenciais.*
- 3. Garantir a intervención e control público do acceso aos centros de atención a persoas maiores e das prestacións que se realicen, mediante instrumentos colexiados de selección paritarios nos que participen cada Concello sede a deputación provincial, cunha composición ao 50% por cada parte.*
- 4. Incorporar como anexo ao convenio específico con cada Concello, a documentación tramitada e aprobada por cada Concello, conforme ao Artigo 97 do Real decreto lexislativo 782/1986, do 18 de abril (TRRL) ou ben por aqueles procedementos que cada Concello considera axustados ao ordenamento xurídico, a fin de determinar o réxime xurídico e a forma de xestión directa deste servizo público con prestacións as persoas, coa posibilidade de prestacións materiais non reservadas a función pública, única e exclusivamente mediante contratos administrativos que non impliquen, en ningún caso, xestión indirecta.*
- 5. Actuar como órgano de contratación para as prestacións propias do servizo social comunitarios específico, en centros de atención a persoas maiores nos termos da cláusula cuarta, cumprindo coas determinacións da LCSP. A estes efectos, licitara a prestacións imprescindibles para inicio do funcionamento dos centros, unha vez obtidos os permisos sectoriais da Comunidade autónoma necesarios para o inicio da actividade, no prazo máximo de dous meses desde que se reciban. En casos de demoras inxustificadas por parte da Comunidade autónoma poderá efectuarse a licitación sometida a condición de que se obteñan as mesmas.*
- 6. Realizar a xestión, liquidación, inspección e recadación dos prezos públicos que deban aboar os usuarios dos centros de atención a persoas maiores que participen neste convenio marco e no sistema propugnado, en aplicación do disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.*

7. Convidar a representación institucional das administracións participantes aos actos oficiais que se organicen e difundir institucionalmente este sistema cooperativo e municipalista no formato tradicional ou dixital que se estime máis axeitado, en cada caso.

8. Dar cumprimento a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal que deban utilizarse no desenvolvemento das respectivas actividades as que se comprometen e, especialmente, da utilización dos datos persoais por terceiros de forma non autorizada.

9. Impulsar a colaboración coas Universidades, centros de ensino e entidades sen ánimo de lucro para un axeitado desenvolvemento destas prestacións sociais.

10. Someter a aprobación do órgano que resulte competente, este convenio marco no prazo máximo de dez días desde que se reciba o acordo da súa aprobación cando menos por cinco dos seguintes Concellos: Ribadeo, Pol, **A Fonsagrada**, Castroverde, Trabada, Pedrafita e Ribas do Sil.

11. Coordinar e colaborar cos concellos que aínda non a obtiveran na tramitación e consecución dos permisos de inicio de actividade a que se refire o artigo 24 do Decreto 2511/2011, de 23 de decembro, achegando os medios técnicos, materiais e persoais que se lle requiran.

12. Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

5.2. Os Concellos participantes no sistema comprométense a:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, os Concellos, comprométese ao seguinte:

1. Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos nos apartados precedentes e, en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

2. Efectuar as achegas económicas prevista na cláusula "sexta".

3. Establecer, de conformidade ao Artigo 97 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL) ou ben por aqueles procedementos que cada Concello considera axustados ao ordenamento xurídico, o réxime xurídico e a forma de xestión directa deste servizo público con prestacións ás persoas, coa posibilidade de prestacións materiais non reservadas a función pública, inicial e exclusivamente mediante contratos administrativos que non impliquen xestión indirecta. A estes efectos iniciárase o procedemento no prazo máximo de quince días desde que os órganos competentes das administracións participantes, aproben este convenio marco, dando preferencia a súa tramitación.

4. Tramitar e someter á aprobación polo órgano que corresponda os regulamentos dos centros e da actividade e os prezos públicos, no prazo máximo de dous meses desde que se aprobe este convenio marco pola Deputación Provincial

5. Asumir a coordinación, colaboración e cooperación da Deputación no desenvolvemento destas prestacións propias dos centros de atención a persoas maiores

6. Garantir a intervención e control público do acceso aos centros de atención a persoas maiores e das prestacións que se realicen, mediante instrumentos colexiados de selección paritarios nos que participen os Concellos e a Deputación.

7. Executar as tarefas de colaboración material que se determinen en convenio específico, entre as que se poderán incluír:

- Asumir os custos do abastecemento de auga, recollida de lixo e saneamento.

- Mantemento de xardíns, limpeza e semellantes.

As tarefas desenvolvidas por cada concello, a fixar en cada convenio específico, valoraranse e teranse en conta a hora de determinar o custo real da prestación do servizo, para determinar as achegas que corresponden a cada entidade sobre o total

8. Convidar a representación institucional das administracións participantes aos actos oficiais que se organicen e difundir institucionalmente este sistema cooperativo e municipalista no formato tradicional ou dixital que se estime máis axeitado, facilitando a información de que se dispoña para tal fin.

9. Dar cumprimento a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal que deban utilizarse no desenvolvemento das respectivas actividades as que se comprometen e, especialmente, da utilización dos datos persoais por terceiros de forma non autorizada.

10. Impulsar a colaboración coas Universidades, centros de ensino e entidades sen ánimo de lucro para un axeitado desenvolvemento destas prestacións sociais.

11. Se non tivo lugar aínda, facer as xestións precisas para **solicitar os permisos de inicio de actividade** a que se refire o artigo 24 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, no prazo máis reducido posible, coa colaboración e coordinación da Deputación, que achegará os medios técnicos, materiais e persoais que se lle requiran.

12. Colaborar coa Deputación para cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Sexta.- Réxime económico.

Para establecer o réxime económico estipulouse a seguinte formula de calculo:

"coste efectivo real do servizo - menos prezo efectivamente pagado polos usuarios/as = diferenza, a financiar polas administracións participantes".

1. Achega financeira da Deputación:

A Deputación asumira o **75%** da diferenza entre coste efectivo real do servizo e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións:

a) De **600,00 €** por número de prazas do centro e mes para as residencias.

b) De **300,00 €** por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres.

Para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional.

2. Achega dos Concellos:

a) Concello sede de centros de atención a persoas maiores, de máis de **5.000 habitantes**: Asumirá o **25%** da diferenza entre coste efectivo real do servizo e o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, salvo cando a parte que corresponda a Deputación exceda do límite por praza marcado no punto anterior, en que corresponderá ao concello o resto, a salvo do recollido nos párrafos que seguen (letra c) e número 3), desta mesma cláusula.

b) Concello sede de centros de atención a persoas maiores, de menos de **5.000 habitantes**: Asumirá o **25%** da diferenza entre coste efectivo real do servizo e o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as. No caso de que a diferenza entre coste efectivo real do servizo - menos prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, exceda dos importes máximos a pagar pola Deputación (600 por praza e mes de residencia e 300 euros para praza e mes de centro de día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello, a diferenza será asumida pola Deputación Provincial, a salvo o indicado no parágrafo c) que segue e apartado 32 desta mesma cláusula.

c) Concello de procedencia do usuario (non sede do centro):

c.1.- No que estaba empadroado o usuario de residencias: Este concello deberá financiar a porcentaxe que lle corresponda ao Concello sede durante un período de 6 meses ou ben, ata que o residente compute como habitante para a distribución da participación dos municipios nos tributos do Estado, se este último período fose superior.

c.2.- No caso de usuarios do centro de día, empadroados en Concellos non sede: O concello onde se atope empadroado o usuario deberá satisfacer o importe que lle correspondería ao Concello sede.

Para implantar o financiamento previsto nesta cláusula c) requírese que os concellos afectados subscriban convenios específicos de adhesión ao sistema.

No caso de que o concello de orixe (de empadramento) non asuma a financiación prevista nesta letra C) debería aboala o usuario, agás supostos excepcionais debidamente xustificadas que por razóns humanitarias, decidan asumir as administracións participes (Concello sede e Deputación) a concretar en cada convenio específico.

3. As partes asumen o compromiso de demandar financiamento para o custe das prazas, en aplicación do artigo 64 bis e concordantes da Lei de servizos sociais de Galicia.

No caso de que exista este financiamento reducirase de xeito porcentual a achega de cada una das administracións que participen, en cada caso, e incluso a achega do Concello de procedencia previsto na letra c).

4. As determinacións sobre réxime económico e achegas de Deputación e Concellos serán de aplicación aos centros de día e as residencias para maiores coa tipoloxía de "mini-residencias", conforme a definición establecida actualmente na ORDE do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo a regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

5. Os importes fixados como máximo nesta cláusula serán revisables pola comisión de seguimento deste convenio marco.

6. Se algunha das administracións participantes no sistema de financiación, desistise unilateralmente da súa aportación a mesma será asumida polo usuario.

7. Titularidade e responsabilidade dos resultados da cooperación

Compartida: precisarase en cada convenio específico en función da titularidade dos bens adscritos as prestacións e da colaboración achegada.

8. Fixación das achegas por cada parte e procedemento para o seu aboamento:

A Deputación como ente responsable da recadación dos prezos e a licitación no seu caso dos contratos de servizos e subministración precisos, consignara nos seus orzamentos anuais os importes precisos para o sostemento dos servizos.

Nos primeiros tres meses de cada anualidade vencida, a Deputación, despois de requirir os datos precisos a cada concello, determinará o custo efectivo real do servizo prestado en cada centro, tendo en conta os medios de todo tipo (material, persoal, servizos) empregado por ambas partes, fixando, en función da recadación obtida, o importe provisional das achegas que corresponderían a cada unha destas.

Estes importes serán comunicados aos concellos afectados, que disporán dun prazo de 15 días para formular as alegacións ou observacións que procederan, que deberán ser en todo caso valorados polo ente provincial. Unha vez recibidas estas, a Deputación motivadamente fixará as achegas de xeito definitivo comunicándoas aos concellos. En caso de discrepancia, a comisión específica de cada centro será a

encargada de informar as diferenzas e fixar definitivamente os importes para a súa aprobación polos órganos competentes.

Os concellos virán obrigados a dotar nos seus orzamentos anuais as contías precisas para facer fronte a súa parte, que ingresarán no prazo de dous meses dende que lles sexa requirida por parte da Deputación, unha vez sexa fixada definitivamente.

No caso de que, con posterioridade á fixación definitiva das achegas dunha anualidade e o ingreso destas polos concellos, xurdiran variacións nos importes, derivadas de financiamento obtido doutras administracións (Xunta de Galicia, concellos non sede ou dos propios usuarios tras seguir os procedementos de constrinximento que correspondan, a Deputación incluírá na seguinte liquidación anual as consecuencias destas circunstancias, aplicando as deducións ou actualizacións que correspondan.

A Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento das cantidades que algún Concello chegase a endebedarlle, podendo aplicar e tramitar o procedemento de compensación, con audiencia de cada administración municipal afectada.

Sétima.- *Compromisos de réxime patrimonial.*

Nos casos en que proceda, e a través dos procedementos máis acaídos, as partes comprométense a realizar as operacións de xestión patrimonial procedentes para a efectiva utilización dos inmobles necesarios para a prestación dos servizos sociais en centros de atención a persoas maiores.

Oitava.- *Colaboración coa Administración Autonómica*

As partes asumen o compromiso de demandar das outras administracións a colaboración necesaria para o sustento e funcionamento, a través, entre outros mecanismos, dos instrumentos xurídicos que permitan a colaboración económica con especial atención ao establecido no artigo 64 bis da LSSG.

Novena.- *Duración do convenio interadministrativo.*

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde a data de ingreso dos usuarios nos centros de atención a maiores (residencias e centros de día).

Desde a súa sinatura este convenio terá unha duración de **catro anos**.

Dado os fins perseguidos e as prestacións amparadas por este sistema de cooperación as partes poderán acordar, conxunta ou individualmente (entre a Deputación e cada Concello), antes de finalizar o prazo previsto, unha única prórroga por un período de **ata catro anos adicionais** ou ben a súa extinción nos termos do artigo 49 letra h) da LRXSP.

Décima.- *Modificación*

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e Co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando, dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Undécima.- *Extinción e efectos*

O convenio extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O incumprimento e a resolución do convenio dará lugar a liquidación deste, Co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2005 (LRXSP).

Décimosegunda. - Comisión de Seguimento xeral. Comisión específica para o seguimento de cada centro.

COMISIÓN XERAL

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por DOUS representantes de cada unha das entidades PARTICIPANTES que resolva os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio MARCO. Ostentara a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir a Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a. Velar polo cumprimento deste convenio.*
- b. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.*
- c. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.*
- d. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.*

E, en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Esta comisión do convenio marco reunirse, alo menos, unha vez cada tres meses, no pazo provincial.

COMISION ESPECIFICA

Para realizar o seguimento do funcionamento de cada equipamento constituirase unha comisión de seguimento integrada ao menos por dous representantes de cada unha das partes, coa participación de técnicos dos Concellos e técnicos da Deputación e que se definirá en cada convenio específico.

A estes efectos, esta comisión reunirse, como mínimo, unha vez cada tres meses, debendo elevar informe ao Concello sede, aos Concellos de onde procedan os usuarios e a Deputación, en canto ao seguimento e calidade das prestacións.

Décimoterceira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, cada Concello adherido ao sistema incorporara os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente

Provincial, que se compromete a entregalas, e a Deputación, pola súa parte, fará uso dos que lle sexan facilitados polo respectivo Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, os concellos deberán cumprir o requisito de que sexan en galego.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigos 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

Décimocuarta.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público a vista do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co artigo 31. 1 letra B) do mesmo texto legal, ao dispoñer: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

Cúmpranse as condicións legais da exclusión: as entidades que interveñen non teñen vocación de mercado (art. 6.1 LCSP); o convenio establece unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos (sociais comunitarios específicos) se presten de tal modo que así se logran os obxectivos comúns; guiar o desenvolvemento da cooperación exclusivamente por consideracións de interese público.

O resultado desta cooperación horizontal (público-público) non é contractual (art. 31. 1 letra b da LCSP).

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa"), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso - administrativa.

CLAUSULAS ADICIONAIS.

I.- Este convenio marco complementarase, respectando o seu contido, con convenios específicos con cada Concello, atendendo a tipoloxía do centro, a titularidade dos bens, colaboración específica comprometida e a preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar.

II.- O convenio específico pode aplicar e mellorar as determinacións deste convenio marco, pero non as poderá empeorar e debe garantir que se mantén o principio de igualdade entre as partes que interveñen, a

homoxeneidade nas prestacións, na súa calidade, nas condicións de acceso o no prezos a pagar, entre outros.

III.- O convenio específico deber tramitarse e someterse a aprobación dos órganos competentes no prazo máximo de un mes desde a fixación do réxime xurídico aplicable aos servizos e a aprobación definitiva dos regulamentos dos centros residencias e os prezos públicos a aplicar.

IV.- Este convenio marco substitúe, aos asinados no ano 2011 cos Concellos con centros de atención a maiores rematados ou próximos a rematar (Castroverde, Trabada, Pedrafita, **A Fonsagrada**, Ribas do Sil, Pol) singularmente nos aspectos que se vexan directamente afectados; estes convenios entrarán en fase de extinción e liquidación, aplicando a figura do mutuo acordo.

CLAUSULA FINAL:

I.- Tramitación e sinatura deste convenio marco.

Este convenio marco aprobarase polos Concellos que asinen o protocolo de xeral de colaboración, coa data límite do 10 de abril de 2018.

A Deputación debe sometelo a aprobación do órgano que resulte competente no prazo máximo de dez días desde que se reciba o acordo da súa aprobación, cando menos, por cinco dos seguintes Concellos: Ribadeo, Pol, **A Fonsagrada**, Castroverde, Trabada, Pedrafita e Ribas do Sil.

Unha vez aprobado polos órganos competentes das administracións adheridas, nomeadamente a Deputación Provincial, no prazo máximo de dez días, procederase a súa sinatura en sesión pública e unidade de acto, no pazo provincial e, desde esa data de formalización, terá efectos vinculantes para todas as partes [as administracións] que o asinen.

Se algún dos Concellos enunciados no parágrafo segundo desta disposición final (so dous) non, tivesen aprobado o convenio marco no prazo indicado na aliña primeira poderán facelo co límite temporal do 20 de abril de 2018.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan para este solo efecto, no lugar e data "ut supra", con un exemplar para cada unha das partes.

O Presidente da Deputación

A Alcaldesa de A FONSGRADA

Óptase por transcribir de forma case literal e completa, o anterior CONVENIO MARCO, dada a súa relevancia, á hora de definir conceptos que terán o seu oco neste traballo e que se desenvolverán posteriormente, como a definición do modelo de xestión, o estudo e a distribución dos custos, as achegas das administracións responsables etc. Trátase en liñas xerais dun **plan estratéxico**, no que se definen os aspectos craves que van trazar a folia de ruta sobre a que se desenvolverá o presente traballo.

11º. En data **10 de abril de 2018** a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión extraordinaria e urxente aproba o Convenio Marco Interadministrativo de Cooperación entre o concello de A Fonsagrada e a Deputación Provincial de Lugo para implementar e executar un sistema de servizos sociais no Centro de atención a persoas maiores nos termos do proxecto anexo o citado Convenio Marco (xa transcrito integramente no punto anterior)

12º. En data **26 de abril de 2018** a Area de Promoción Económica e Social ao través da Unidade de Benestar Social inicia o correspondente expediente para a contratación de: PROXECTO DE PREZOS DOS SERVIZOS A PRESTAR NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES, SUSTENTADO NO PERTINENTE ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO –

FINANCEIRA, QUE A SUA VEZ PODA SERVIR DE BASE A MEMORIA RELATIVA AOS ASPECTOS SOCIAIS, TECNICOS E FINANCEIROS DA ACTIVIDADE.

Entre as obrigas da anterior licitación atopase a correspondente ao centro de atención a persoas maiores do concello de A Fonsagrada.

13º. En data **18 de maio de 2018** comunicase a mercantil INTO GALICIA CONSULTING S.L. a adxudicación do procedemento de contratación antedito

Chegados a este punto, e con carácter previo á firma do “convenio específico” co concello de A Fonsagrada, é preceptiva a obtención dos prezos “tipo” ou base que deberán ser considerados con carácter homoxéneo para tódolos centros asistenciais da provincia. Así mesmo este estudo de viabilidade adxudicado á mercantil INTO CONSULTING S.L. deberá servir para cumprir o prescrito pola Subdirección de Autorización e Inspección de Centros da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia no documento de autorización para a construción do centro, onde se indica a necesidade da presentación dun estudo de viabilidade económica para a obtención do PIA (Permiso de inicio de actividade) e que literalmente di:

“Mediante este documento notificáselle esta resolución consonte ao esixido non artigo 58.1 dá Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lémbrolle que cando rematen as obras, debe solicitar ante este centro directivo, a autorización de inicio de actividade do centro, de conformidade co esixido no artigo 24 do Decreto 254/2011 do 23 de decembro.

Asemade informámoslle que conforme ao artigo 68 dá Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, modificado A FONSAGRADAa Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a autorización para ou inicio de actividades estará supeditada ou cumprimento dos dous requisitos seguintes:

a) *Plan de viabilidade económica do Concello ou da Deputación, con informe favorable da persoa que exerza a intervención da entidade local, no que se garanta a sustentabilidade financeira das novas actividades económicas, respectando en todo caso, o principio de eficiencia, e o resto dos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

b) *Informe previo preceptivo, emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma, achega da inexistencia de duplicidades nas competencias ou servizos, así como da oportunidade e necesidade do recurso en cuestión, para os efectos da planificación estratéxica dos servizos sociais dá Comunidade Autónoma.*

O punto a) constitúe a esencia do presente traballo.

O centro de atención a persoas maiores de A FONSAGRADA presenta os seguintes datos administrativos:

DENOMINACIÓN DO CENTRO	Centro de Atención a Persoas Maiores de A Fonsagrada
ENDEREZO DO CENTRO	Rúa do Parque
CONCELLO DO CENTRO	A Fonsagrada
AREA DE ACTUACIÓN	Maiores
ENTIDADE DA QUE DEPENDE	Deputación Provincial de Lugo
Nº DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE	E-1328
CIF	P27000001
ENDEREZO	Rúa San Marcos 8
C.P.	27001
PROVINCIA	Lugo
TELEFONO	982225011

CONSULTING

3.1 PRESENCIA NA SOCIEDADE. NOTICIAS DE PRENSA

A título informativo, e como referencia do proceso seguido na planificación e construción do Centro de Atención a Persoas Maiores de A Fonsagrada, e da súa repercusión pública e debate cidadán, presentamos algunhas das noticias de prensa aparecidas durante este período

Diario de Lemos 11 de abril de 2018

94 prazas de residencia y 58 en centro de día para **A Fonsagrada**, Pol y Trabada

El presidente, Darío Campos Conde, informó de la aprobación en la junta de Gobierno Extraordinaria de este martes de los convenios de cooperación entre la Diputación y los

ayuntamientos de *Trabada, Pol y A Fonsagrada* para la prestación pública de servicios sociales en los centros de la tercera edad de estos municipios. Los convenios garantizan a los lucenses el acceso universal a las 94 plazas de residencia y 58 de centro de día de estas dotaciones.

Para el cumplimiento de este fin, la Diputación se compromete con una inversión de casi 3,5 millones de euros en cuatro años. Es el presupuesto que tendría que destinar para financiar el 100% de las plazas a mayores de la provincia con dificultades económicas durante dicho período. Son 1.152.000 euros para cada uno de los centros de la tercera edad: *Trabada, Pol y A Fonsagrada*. (1.152.000 euros en cuatro años x tres centros = 3.456.000 euros)

Los convenios garantizan plazas para lucenses y su acceso universal a las mismas, con independencia de la distinta situación económica de cada uno de los mayores de la provincia. De este modo, establecen que las plazas sean en primer lugar para vecinos del municipio donde se sitúa el centro, luego para los de la comarca o comarca y seguidamente para lucenses en general.



La Diputación aportará hasta 600 euros/mes por plaza de residencia y 300 euros/mes/jornada completa por plaza de centro de día. De no ser suficientes estas cantidades, el organismo provincial también asume el déficit existente al ser centros de Ayuntamientos de menos de 5.000 habitantes y, por lo tanto, con menos recursos económicos.

Estos convenios, según el Gobierno provincial, garantizan a los lucenses las siguientes ventajas con respecto a los centros públicos de la Xunta de Galicia:

1) Los vecinos tendrán plaza en su propio Ayuntamiento o en un limítrofe, no teniendo que abandonar su entorno habitual. Muchos vecinos están hoy en residencias fuera de su municipio y hasta de nuestra provincia.

2) Todos los mayores de la provincia podrán acceder a los centros de la Diputación y los Ayuntamientos con independencia de su capacidad económica. Por ejemplo, un mayor con una pensión no contributiva contará con toda la ayuda pública necesaria para disponer de una plaza de residencia o de centro de día en su municipio.

3) Los vecinos no tendrán que esperar tanto tiempo por su plaza, pues no entrarán en una bolsa autonómica, esperando meses y meses.

Las plazas reconocidas oficialmente en estos centros son: Trabada, 30 de residencia y 20 en centro de día; **A Fonsagrada, 28 de residencia y 20 en centro de día**; y Pol, 36 en residencia y 18 en centro de día. Total: 94 en residencias y 58 en centros de día.

Demandas a la Xunta

Los convenios recogen reclamar a la Xunta de Galicia, administración gallega con las competencias directas en la materia, la financiación correspondiente para lo cueste de las plazas en cumplimiento con el artículo 64 bis de la Ley de Servicios Sociales de Galicia, así como la concesión de los permisos de inicio de actividad.

La Voz de Galicia 8 de enero de 2018

La Diputación prevé abrir este año la residencia de ancianos de A Fonsagrada

A Pontenova será uno de los municipios en donde también construirá otra



Seis residencias prevé abrir la Diputación a lo largo de este año. Dentro del proyecto -cuyos primeros pasos ya se dieron hace años, estando José Ramón Gómez Besteiro al frente del organismo provincial-, la de Castroverde está lista, solo pendiente de autorización; las de Trabada y de Pol están a la espera de lograr la autorización necesaria, **las de A Fonsagrada y**

de Pedrafita necesitan algunos trabajos finales antes de que concluyan las obras, y la de Ribas de Sil se encuentra en una fase menos avanzada. Serán las primeras que abran sus puertas dentro de este plan diseñado por la Diputación.

Como encargado de Suplusa, entidad que depende de la institución provincial y a la que se encomendó la gestión de esta iniciativa, Manuel Martínez, alcalde de Becerreá y diputado en el Pazo de San Marcos, explicó en días pasados que si se cumplían los plazos previstos, la de Castroverde sería la primera en conseguir todas las autorizaciones necesarias para la apertura.

A referencia ás anteriores noticias, como exemplo entre as moitas aparecidas nos últimos meses, en prensa escrita e radio, non son máis que un fiel reflexo do impacto social xerado pola inminente posta en marcha dos centros de atención a maiores en diversos municipios da provincia, entre eles o de A Fonsagrada. E polo tanto, tamén fiel reflexo da evidente necesidade existente deste tipo de servizos sociais.

3.2 RAZONS IMPULSORAS DO PROXECTO


Na contorna dunha evidente necesidade detectada, a Deputación de Lugo acomete o ambicioso proxecto de construír unha residencia para maiores no concello de A Fonsagrada. Posteriormente o proxecto sufrirá unha modificación substancial ao expor a utilización do centro asistencial, non só para residentes senón como centro de día.



As principais razóns impulsoras do proxecto son as seguintes: (datos do IGE 2016)

3.2.1 Evolución da poboación

A poboación empadroada a 1 de xaneiro de 2017 no municipio de A FONSAGRADA sumou un total de **3.670** persoas, as que supoñen un máis que notorio declive demográfico con respecto á cantidade de **5.007** persoas censadas ao comezar o ano **2004**: en termos absolutos, a poboación fonsagradina diminuíu en 1.337 habitantes en menos de 15 anos (**un 26,70%**). Sen contemplar os máis de 17.000 habitantes de 1.900.



E o municipio máis extenso de Galicia. O indicador da Densidade de Poboación é moi expresivo dun proceso de despoboamento que avanza imparabile cara á crecente desertización do territorio fonsagradino (**438,45 km²**), presentando nas 29 parroquias que forman o concello una densidade de poboación de **8,37 habitantes por km²** ao iniciarse a anualidade de **2017**.

3.2.2 Distribución da poboación por idades

Na seguinte táboa, percibimos que a magnitude relativa dos individuos menores de 35 anos reduciuse significativamente nos últimos 15 anos (de 38,93% a 18,45%) sobre todo os efectivos do tramo de 0 a 14 anos (de 11,17% a 4,39%). Na vertente contraria, as bandas dos adultos (35 a 49 anos), maduros (50 a 64 anos) e maiores (65 e máis anos) aumentaron a súa representación porcentual, especialmente as persoas que superaron os 64 anos (de 22,33% a 40,60%). Polo tanto o dato relevante en de sobras coñecido e o seguinte: En A FONSAGRADA un **40,60%** da poboación ten máis de **65 anos**, superando en máis de 18 puntos a media galega.

	1991		2001		2011	
	Total	%	Total	%	Total	%
Fonsagrada, A						
Total	6986		5082		4192	
0-4	220	3,15%	76	1,50%	48	1,15%
5-9	245	3,51%	115	2,26%	65	1,55%
10-14	315	4,51%	177	3,48%	93	2,22%
15-19	363	5,20%	219	4,31%	122	2,91%
20-24	486	6,96%	269	5,29%	173	4,13%
25-29	566	8,10%	258	5,08%	189	4,51%
30-34	524	7,50%	298	5,86%	214	5,10%
35-39	420	6,01%	348	6,85%	199	4,75%
40-44	367	5,25%	327	6,43%	244	5,82%
45-49	347	4,97%	289	5,69%	340	8,11%
50-54	410	5,87%	268	5,27%	312	7,44%
55-59	577	8,26%	295	5,80%	275	6,56%
60-64	586	8,39%	348	6,85%	260	6,20%
65-69	537	7,69%	494	9,72%	288	6,87%
70-74	352	5,04%	493	9,70%	316	7,54%
75-79	314	4,49%	399	7,85%	392	9,35%
80-84	227	3,25%	234	4,60%	344	8,21%
85-89	102	1,46%	117	2,30%	220	5,25%
90 e máis	28	0,40%	58	1,14%	98	2,34%

E incluíndo a comparativa por tramos xa con 2017 obtemos

	1991		2001		2011		2017	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
Fonsagrada, A								
Total	6.986		5.082		4.192		3.670	
0-14	780	11,17%	368	7,24%	206	4,91%	161	4,39%
15-34	1.939	27,76%	1.044	20,54%	698	16,65%	516	14,06%
35-49	1.134	16,23%	964	18,97%	783	18,68%	607	16,54%
50-64	1.573	22,52%	911	17,93%	847	20,21%	896	24,41%
>65	1.560	22,33%	1.795	35,32%	1.658	39,55%	1.490	40,60%


O seguinte gráfico representa os habitantes, segundo tramos de idade da poboación de A FONSGRADA

Población de A Fonsagrada por sexo y edad 2017 (grupos quinquenales)			
Edad	Hombres	Mujeres	Total
0-5	24	30	54
5-10	25	22	47
10-15	33	27	60
15-20	40	44	84
20-25	55	63	118
25-30	88	80	168
30-35	71	75	146
35-40	101	84	185
40-45	96	90	186
45-50	134	102	236
50-55	185	140	325
55-60	185	131	316
60-65	154	101	255
65-70	141	107	248
70-75	140	117	257
75-80	125	150	275
80-85	146	178	324
85-	162	224	386
Total	1.905	1.765	3.670

Por conseguinte, a distribución porcentual da poboación de A Fonsagrada por tramos de idade conforma ao 1 de xaneiro de 2017 unha estrutura por idades que cualificamos de **sobre envellecida**: polo menos, **unha de cada tres persoas empadroadas teñen 65 e máis anos**. Cada vez máis persoas chegan e superan o limiar dos 64 anos, e unha parte importante das mesmas poidan vivir máis de 80 anos, incorporándose á 'cuarta idade'.

DENSIDADE DE POBOACIÓN	8,37
IDADE MEDIA	57,03
% POBACIÓN < 20 ANOS	6,67
% POBOACION ENTRE 20 E 64 ANOS	52,72
% POBACION DE 65 OU MAIS ANOS	40,60
INDICE DE ENVELLECIMENTO	637,28
INDICE DE SOBREENVELLECIMENTO	23,24

En definitiva, a Pirámide de poboación de A FONSAGRADA ao comezar 2017 reflicte unha estrutura por idades sobre envellecida e, debido á maior lonxevidade das mulleres, unha cohorte de 65 e máis anos claramente feminizada na súa cúspide.



3.2.3 Os fogares

No Censo de Poboación de 2011 (INE), rexistráronse **1.655** fogares no municipio de A Fonsagrada, entre os cales en **435 fogares residía polo menos unha persoa soa**.

Dispónse de datos actualizados que indican que en A Fonsagrada hai **258 maiores de 65 anos que viven sos**.

Consideramos obvio sinalar que neste tipo de fogar unipersoal, concéntrase a necesidade e demanda social de acceder a unha praza residencial entre as persoas maiores de A Fonsagrada, na medida que as persoas da terceira idade que viven soas adoitan ser máis vulnerables á enfermidade e/ou un accidente que xere unha situación de dependencia continuada, así como teñen un maior risco de vivir en condicións de pobreza severa e desafilación social, as cales tenden a precipitar ao fogar unipersoal formado por unha persoa maior ao espazo da exclusión socioeconómica. (fonte Elías Trabada)


En resumen, o Padrón Municipal de Habitantes do concello de A FONSAGRADA permítenos obter unha información estatística actualizada sobre os fogares unipersoais de persoas maiores: o 26 de outubro de 2017, o Padrón Municipal rexistra **435 fogares unipersoais** formados por unha **persoa de 65 e máis anos**.

3.2.4 Os ingresos

Ao finalizar o ano 2016, contabilizáronse **1.576 pensionistas** (todas as idades e ambos sexos) no concello de A Fonsagrada. Dimuindo un 9,22% respecto ao 2011 (1.736)

	Número	Importe medio	Mediana do importe
A Fonsagrada 2016			
Total	1576	721,58	636,1
0-64	235	673,81	595
65-74	429	787,78	638,11
75-84	549	697,02	636,1
85 e máis	363	711,42	636,1

Número de pensionistas e importe medio segundo o grupo de idade.
Información a nivel municipal [Filtros: Espazo=Fonsagrada, A ;]




Sen distinción de sexo, o importe medio mensual das pensións sumou a cantidade de **721,58 €**. En concreto, ao 31 de decembro de 2016, residían **978 pensionistas de 65 e máis anos** (ambos sexos) no municipio de A Fonsagrada.

A situación económica descrita fai relevante a intervención dos poderes públicos ante a dificultade de acceso desde o punto de vista económico, de un pensionista medio a una praza residencial no mercado privado. E, como mais adiante se observará, una pensión media sen ningún ingreso extraordinario nin patrimonio de soporte situase por debaixo do coste por usuario/mes nunha praza pública.

3.2.5 O índice de dependencia senil

Defínese este índice como a relación entre a poboación en idades potencialmente dependente, de 65 e máis anos, con respecto a poboación en idades potencialmente activa de 15 a 64 anos. Nos permite coñecer cantas persoas potencialmente inactivas do tramo de idade de 65 e máis anos hai por cada 100 potencialmente activas franxa de 15 a 64 anos. Ao 1 de xaneiro de 2017, o Padrón Municipal de Habitantes de A Fonsagrada rexistraba **71,15** persoas maiores de 64 anos por cada 100 de 15 a 64 anos.

Fonsagrada, A	
Índice de dependencia senil	
2007	68,02
2008	68,22
2009	68,9
2010	68,78
2011	69,02
2012	69,68
2013	68,69
2014	69,18
2015	71,19
2016	71,92
2017	71,15



3.2.6 A demanda potencial en A Fonsagrada e comarca

Aínda que o concello de A Fonsagrada pertence administrativamente a comarca denominada “A Fonsagrada” entendemos como zona de influencia o comarca obxecto do estudo a composta polos concellos da Baleira, Negueira de Muñiz e A Fonsagrada,



E cuxa localización en Galicia é a seguinte

CONS



A Comarca de A Fonsagrada considérase unha división político-administrativa. Considérase ao Concello de A Fonsagrada como capital da mesma

Superficie total: **678,90 km²**

A poboación total actual (padrón 2016), para os tres concellos obxecto do estudo, sitúase en **5.227 habitantes**.

COMARCA	HABITANTES	HOMES	MULLERES
A Fonsagrada	5.227	2.725	2.502

O que representa un **52,13% de homes** e un **47,87% de mulleres**.

En canto ao grupo de idade de maiores de 65 anos atopámonos cos seguintes datos reflectidos no IGE.

	A Fonsagrada 2017	Total
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos		6,92
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos		54,05
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos		39,03

Da poboación total considerada (5.227 habitantes) existen **2.040 persoas maiores de 65 anos** o que supón un **39,03%** da poboación.

Aínda que, xa sinalamos que, no Concello de A Fonsagrada, a media de persoas maiores (40,60%), atopámonos que no conxunto da comarca de A Fonsagrada ese grao de envellecemento mantense disparatado aínda que lixeiramente inferior. Lembremos agora as previsións para España do INE nas que vaticinaba como escenario extremadamente preocupante, que, dentro de dez anos, no conxunto do Estado, a poboación maior de 65 anos supoñería un 29% da poboación total. No ámbito xeográfico estudado, xa alcanzamos esa cifra.

Ademais do anterior, e sempre referido ao conxunto dos concellos obxecto do estudo, debemos sinalar que o fenómeno denominado “envellecemento do envellecemento” ao que xa fixemos

referencia supera o **47%**. É dicir, da totalidade de persoas maiores de 65 anos, un **47,65%** supera os 80 anos, situándose este colectivo nun limiar de moita maior vulnerabilidade.

Nos puntos anteriores xa se reflexaron con claridade os factores que puideran incidir na necesidade ou demanda de atención nos maiores do concello de A Fonsagrada. Agora faremos una pequena referencia a influencia que poden ter os concellos limítrofes na demanda de servizos socio sanitarios e polo tanto na viabilidade económico financeira do centro de atención a maiores de A Fonsagrada.

No que respecta á atención non residencial, é dicir, ao centro de día, a influencia das persoas maiores de 65 anos habitantes en concellos limítrofes é moi escasa. A dificultade loxística de “levar e traer” á persoa maior ao centro de día, ben o realicen familiares ou o transporte proposto polo propio centro, fai que a área de influencia redúzase a un traxecto de máximo media hora de duración.

Con todo, a atención residencial sí debe prestar atención á posible demanda de usuarios de municipios limítrofes ou próximos, e tela en conta como unha máis das razóns impulsoras do proxecto entre as xa citadas.

Está claro que o numero de persoas maiores de 65 anos en A Fonsagrada e comarca, podería en por si soa cubrir a demanda potencial de usuarios para o centro residencia, (non se dispón de lista de interesados nas dependencias do concello). Con todo, sabemos que, xeralmente, as persoas maiores desexan continuar residindo na súa vivenda familiar principal ata que a súa idade sexa máis avanzada e comencen a notar dificultades relevantes debidas á perda de autonomía ou mobilidade persoal, ou como consecuencia dun cambio nas súas relacións e forma de convivencia (separación ou divorcio, falecemento do cónxuxe ou familiar co que convivían, incompatibilidade para un familiar de responsabilizarse dá súa atención ou coidado, etc.).

Mesmo, cabe esperar que se xere unha ‘lista de espera’ ampla na Mini-Residencia de A Fonsagrada, pola confluencia doutros tres posibles perfís sociais a considerar na Demanda potencial:

- a) Os Trabadenses que actualmente residen en Residencias de Maiores localizadas noutros municipios debido á inexistencia ata a data, de prazas residenciais en A Fonsagrada;
- b) Os Trabadenses emigrados que desexen finalizar a súa vida nunha Residencia situada no seu municipio de nacemento ou orixe;
- c) Os lucenses doutros municipios veciños que, ante a carencia ou falta de prazas suficientes (públicas, privadas e de iniciativa social) no seu concello, pretendan solicitar unha praza residencial na Mini-Residencia de A Fonsagrada

Da poboación total considerada (5.227 habitantes) existen 2.040 persoas maiores de 65 anos o que supón un 39,03% da poboación.

En canto ás prazas residenciais dispoñibles para persoas maiores nos tres municipios considerados, segundo os datos do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), a oferta autorizada, incluíndo as diferentes tipoloxías existentes, iniciativas de xestión (pública, privada e social) e os distintos tipos de persoas usuarias (autonomía, dependencia), son as seguintes:

Total de prazas residenciais: 13

Prazas apartamentos tutelados iniciativa privada: 51

Prazas apartamentos tutelados iniciativa pública: 24

Prazas en centros de día iniciativa pública: 0

Prazas residenciais de iniciativa pública: 0

Prazas residenciais de iniciativa privada: 13

Habitantes maiores de 65 anos: 2.040

En resumo, a oferta de prazas residenciais dispoñibles nos tres municipios da comarca de a A Fonsagrada é claramente insuficiente para cubrir a demanda potencial da comarca. O que garante, como nos pode ser doutro xeito, que, si no se cubrirán as 28 prazas residenciais ofertadas na residencia de A Fonsagrada, con persoas do propio concello, danse moitas probabilidades de que se cubran con usuarios dos concellos limítrofes.

A título informativo sinalar que a comarca dispón dos seguintes centros para maiores con capacidade para 74 prazas

ENT NOME	ENT CATEGORIA	ENT SUBCATEGORIA	CEN NOME	CEN CONCELLO	CEN	CEN TIPO	CEN PRAZ.
CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ	INICIATIVA PÚBLICA	ADMON. LOCAL	HOGAR DE LA TERCERA EDAD	NEGUEIRA DE MUÑIZ	LUGO	FOGARES E CLUBES	0
Mª JOSEFA FERNANDEZ FERNANDEZ	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO	EMPRESARIO/A INDIVIDUAL	VIVENDA COMUNITARIA BURÓN I	FONSAGRADA (A)	LUGO	VIVIENDA/PISO/APARTAME	11
Mª JOSEFA FERNANDEZ FERNANDEZ	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO	EMPRESARIO/A INDIVIDUAL	VIVENDA COMUNITARIA BURÓN II	FONSAGRADA (A)	LUGO	VIVIENDA/PISO/APARTAME	12
Mª JOSEFA FERNANDEZ FERNANDEZ	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO	EMPRESARIO/A INDIVIDUAL	VIVENDA COMUNITARIA BURÓN III	FONSAGRADA (A)	LUGO	VIVIENDA/PISO/APARTAME	10
AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA, SL	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO	SOCIEDADES	VIVENDA COMUNITARIA AS RODAS	FONSAGRADA (A)	LUGO	VIVIENDA/PISO/APARTAME	12
AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA, SL	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO	SOCIEDADES	VIVENDA COMUNITARIA AS RODAS II	FONSAGRADA (A)	LUGO	VIVIENDA/PISO/APARTAME	6
CARMEN TORNEIRO FERNANDEZ	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO	SOCIEDADES	FOGAR RESIDENCIAL SANTA MARIA DA	FONSAGRADA (A)	LUGO	CENTRO RESIDENCIAL	13
ISABEL NIÑO LLANO	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO	EMPRESARIO/A INDIVIDUAL	VIVENDA COMUNITARIA REMANSO DE	FONSAGRADA (A)	LUGO	VIVIENDA/PISO/APARTAME	10

74

3.2.7 Resúmen estratéxico

A oferta inicial de **28 prazas** residenciais da Mini-Residencia de A Fonsagrada, cubrirase sen problemas ou dificultades relevantes coas persoas maiores empadroadas no municipio de A Fonsagrada. En principio, porque o Índice de Cobertura Municipal das 28 prazas residenciais tan só alcanzará a satisfacer a posible necesidade e demanda do 1,88% das e os anciáns maiores de 64 anos, ou do 3,94% dos anciáns de 80 e máis anos que residen actualmente en A Fonsagrada. Por conseguinte, é bastante probable que xurda unha 'lista de espera'.

Outra cuestión ben diferente é a perspectiva de máxima ocupación para as 20 prazas previstas para o centro de día. A experiencia de este equipo redactor na xestión deste tipo de centros, non urbanos, convídanos a pensar que o centro de día non alcanzará a súa máxima ocupación, polo que no estudo económico asociado deberá preverse unha estimación de ingresos relacionado cunha porcentaxe de ocupación estimada.

A maiores, a estrutura do edificio, co proxecto inicialmente previsto con **14 cuartos dobres** (28 prazas), non podería modificarse, para alcanzar un maior número de usuarios residentes, no caso en que non se desenrole demanda para o centro de día

Por último, resaltar que a demanda potencial de persoas maiores moi probablemente manterase en termos parellos aos actuais nun período estimado de a lo menos dez anos. E a administración local e a Deputación de Lugo teñen claro esta prioridade.

O aumento da esperanza de vida e a aparición de fenómeno coñecido como “envellecemento do envellecemento”, e, un dos factores principais a ter en conta.

Outro feito a ter en conta e a modificación das actuais estruturas familiares derivadas sobre todo da incorporación da muller ao mercado de traballo remunerado, as oscilacións e precariedade do mercado laboral e, en boa medida, tamén o considerable aumento das familias monoparentais, nas que a carga da atención á persoa maior recae maioritariamente na muller.

A cuestión económica. Os prezos das residencias privadas existentes na zona resultan inalcanzables para gran parte da poboación necesitada.

4 OBXECTIVOS DO TRABALLO

Tendo en conta o convenio marco, interadministrativo de cooperación, entre o concello e a Deputación de Lugo para implantar e executar o sistema de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores, aprobado en Xunta de Goberno pola Deputación de Lugo o (10 de abril de 2018 para Trabada, Pol e A Fonsagrada y 13 de abril de 2018 para Ribas de Sil, Pedrafita do Cebreiro) e co obxecto de impulsar ditos convenios, é necesario a redacción dun plan de viabilidade dos centros de atención a persoas maiores, co obxecto de que este concello, poda constituír o expediente de municipalización do servizo, en concreto para a elaboración dunha memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade previsto no artigo 97 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

5 METODOLOXIA Y FUNDAMENTOS

5.1 METODOLOXIA

A base metodolóxica sobre a que desenvolveremos o presente traballo será a seguinte:

- A Administración Pública necesita prover de servizos aos cidadáns coa maior calidade e eficiencia posible.
- As dotacións orzamentarias para a prestación deste tipo de servizos son moi altas e merecen unha reflexión profunda sobre as necesidades reais e a forma de prestar os devanditos servizos.
- É necesario un control profesional dos mesmos e unha avaliación continua que garanta a calidade comprometida.

A nosa forma de achegar valor é ofrecer coñecemento, experiencia e apoio en todos os procesos que viran ao redor da posta en marcha ou contratación, dun servizo destas características, ligado á eficaz xestión dunha instalación. Esta colaboración pretende, en todo caso, axudar, nunca substituír, a responsables de Administracións Públicas, e achegarlles coñecemento en materias nas que non necesariamente son especialistas.

O estudo económico financeiro reflectirá a realidade, ata o máximo grao de detalle, da xestión real dun centro destas características (evolución dos custos de persoal, custos unitarios, custos variables, fluxos de caixa, instalacións etc.). Ao ser xestores deste tipo de instalacións no noso pasado profesional, somos capaces de definir a realidade da xestión, e as dificultades, e os puntos débiles e fortalezas deste tipo de actividades. Do mesmo xeito, coñecemos as oportunidades, e as ameazas inherentes á xestión de residencias de maiores, e centros de día destas características.

5.2 FUNDAMENTOS DO TRABAJO

Adoptamos como fundamentos do noso traballo os seguintes:

- Internámonos e implicámonos coa Deputación Provincial de Lugo e, co Concello de A Fonsagrada, para escoitar e analizar todo o proceso asociado ata a data, á construción e xestión dunha residencia para maiores e centro de día en A Fonsagrada. Tentamos coñecer as dificultades atopadas, as solucións adoptadas, e as intencións desde o punto de vista da política social municipal e supramunicipal. En resumo, **coñecer, entender, agrupar e coordinar** os intereses de todos os axentes implicados no proxecto. Cuestionar os modelos existentes e proxectar en “**base cero**” as mellores solucións.
- Propuxemos a fórmula dun servizo innovador e atractivo, adaptado á situación socio-económica de A Fonsagrada e comarca, aos novos hábitos e esixencias dos cidadáns e á avaliación continua da calidade a través de indicadores e acordos de nivel de servizo. Todo iso ao amparo da lexislación vixente.
- Traballamos coa “máxima”, de que, no sector dos servizos públicos aos cidadáns, **non está todo inventado**. Propoñemos tentar suprimir círculos de seguridade mal entendida, que paralice máis que protexa. Propoñemos, ser flexibles, fuxir de medos e posturas ríxidas e sondar todas as posibilidades que permita a Lei e ofrezca o mercado.
- No caso de que a opción elixida sexa a xestión do servizo a través de operador especializado, de forma integral ou de servizos predefinidos, definimos as bases para a elección do socio adecuado dentro da máxima transparencia, e respecto aos requirimentos de toda contratación pública. Este xestor deberá ser especialista, comprometido, flexible, e capaz de achegar valor. Sentamos as bases para que o futuro Prego de Prescricións Técnicas promóvao e o fomenta, e que o “espírito” do mesmo transmita un clima de confianza e esixencia máximas. As bases sólidas na licitación e a confianza garantirán o lícito beneficio industrial por unha banda e a tranquilidade de obtención da calidade esixida pola outra.
- Cremos e transmitimos a idea de que a verdadeira innovación non está en prestar servizos novos, en moitos casos pouco demandados ou valorados, senón en prestar os servizos de sempre de forma diferente.

No caso do presente estudo, utilizamos o seguinte método de traballo por orde cronolóxica:

- REUNION DE INICIO COA DEPUTACION PROVINCIAL
- REUNION CO TRABALLADOR SOCIAL DE A FONSGRADA, E PETICION E RECEPCION DE INFORMACION.
- VISITAS DE INSPECCION. TRABALLO DE CAMPO.
- ANALISIS DE INFORMACION E PROCESO
- REUNIÓNS DE COORDINACIÓN COS SERVICIOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN
- PROPOSTAS
- CONCLUSIÓN

O **Plan de colaboración** consistiu en solicitar toda a información que consta nos expedientes municipais relacionada co proceso de análise. Dita documentación foi entregada coa máxima celeridade por parte do Concello de A Fonsagrada, analizada e procesada. polo tanto, todo o traballo e as súas conclusións están baseadas na certeza da información facilitada, no observado no traballo de campo e na coherencia e concordancia das situacións expostas co comunmente aceptado e recoñecido no sector.

Unicamente nos manifestámonos sobre aspectos que entran dentro do noso ámbito de coñecemento e, por tanto, non nos pronunciamos sobre aspectos legais ou consecuencias legais daquilo que analizamos e expresamos no mesmo.

Este documento enténdese realizado unicamente en referencia ao interese mostrado pola Deputación Provincial de Lugo respecto da necesidade de obtención da autorización de inicio de actividade (ou convalidación da xa existente) do Centro de Atención a Persoas Maioras de A Fonsagrada, e o proxecto de prezos dos servizos a prestar.

Este traballo de consultaría foi elaborado para a súa presentación ante o Unidade de Servizo de Benestar da Deputación Provincial de Lugo, **para a súa supervisión e validación por parte da Intervención da Deputación**, como opinión de expertos, que xunto con calquera outra que a Deputación Provincial de Lugo ou o Concello de A Fonsagrada teñan a ben solicitar, pode servir de base para a consecución dos obxectivos marcados.

CONSULTING

SEGUNDA PARTE. A SITUACION ACTUAL



6 A SITUACION ASISTENCIAL ACTUAL

6.1 DATOS XERAIS


A atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida, non só das persoas maiores senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos adecuados de cobertura das súas necesidades, é un indicativo dunha sociedade solidaria, inclusiva e desenvolvida.

A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores de poboación, senón en que se dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles.

Da agrupación dos dous grupos de custos obteremos o custo global do servizo de xestión do centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada.

Unha vez obtidos os custos totais do servizo procederemos a definir a estrutura das vendas. As tarifas para as que se terá que determinar un importe serán as seguintes, susceptibles de modificación por parte da Deputación Provincial:

- Tarifa mensual para usuario residencial dependente

- Tarifa mensual para usuario residencial válido
- Suplemento de tarifa por habitación individual
- Tarifa mensual para usuario de centro de día xornada completa
- Tarifa mensual para usuario de centro de día media xornada
- Tarifa mensual por uso do transporte.

Estimarase así mesmo unha cantidade por ingresos complementarios derivados da utilización de servizos de hostalería, (comidas, merendas, ceas), de servizos complementarios como barbería, perruquería ou podoloxía ou por calquera outra circunstancia.

As tarifas ou prezos públicos propostas no presente estudo, serán aquelas que alcancen o equilibrio orzamentario (ou déficit asumible pola Deputación ou concello de A Fonsagrada) entre ingresos e gastos, acordos ao mercado dos centros públicos de atención a persoas maiores e que poderán ser modificadas pola Deputación si o considera convinte.

Como finalización a este apartado achegarase unha memoria económica e as táboas necesarias para reflectir con claridade a obtención dos resultados.

15 PLANTEXAMENTO DA ACTIVIDADE

A actividade obxecto do estudo de viabilidade é a xestión dun Centro de Atención para persoas maiores, integrado por unha Unidade Residencial e un Centro de día no concello de A Fonsagrada. Enténdese por Unidade Residencial o servizo para a residencia habitual, permanente ou temporal (por convalecencia ou respiro familiar), para as persoas maiores, onde se lles prestará unha atención continuada, integral e profesional durante as 24 horas do día. O Centro de Día prestará atención as persoas maiores durante o día en horario predefinido polo centro, en media xornada ou xornada completa sen pernoctación.

A xestión do servizo público organizarase con unidade e independencia funcional. Para ese efecto resultan establecidos, os medios, instalacións e infraestrutura necesaria para o cumprimento de toda esixencia legal.

Para o desenrolo do obxecto deste servizo, a Deputación Provincial de Lugo poñerá a disposición do Concello de A Fonsagrada, o edificio de titularidade da Deputación Provincial situado na rúa **Rúa do Parque. A Fonsagrada**

15.1 PARTICULARIDADES TÉCNICAS DO CENTRO

Unha unidade residencial, con **28 prazas residenciais** (máis 2 de enfermería) para a atención a persoas maiores, e una unidade de centro de día con **20 prazas** de usuarios previstas.

- Metros cadrados totais construídos útiles: **1.630,38**
- Metros cadrados por praza: **40,76**

15.1.1 Definición da actividade

Dada a estrutura do edificio permítese a existencia das seguintes unidades:

1.- Unha unidade residencial para **28 prazas**, distribuídas da seguinte forma:

4 prazas para persoas con total autonomía persoal,

24 prazas para persoas dependentes

Non obstante, por decisión dos Servicios Sociais do Concello se poderá modificar a distribución do número de prazas residenciais asignadas para cada colectivo en función da demanda existente e, si a configuración do recurso o permite.

Na unidade residencial prestaráanse os seguintes servizos:

a) Área de dirección e administración, para as funcións administrativas propias da xestión da unidade residencial.

b) Área de servizos xerais, que comprende os servizos de cociña para a manutención dos residentes; lavandería para o lavado, repasado e pasado o ferro de roupa persoal, de cama, de mesa e de aseo; e zonas de almacén para gardar por separado os produtos de alimentación, lenzaría, limpeza.... etc.

c) Área residencial, onde o usuario desenvolve a súa vida individual e social. Esta área comprende os seguintes servizos:

- O aloxamento, que comprenderá: o uso dunha habitación e zonas de convivencia, baños, salas de estar, comedor, recepción e control.
- O coidado persoal, control e protección do usuario, que comprenderá a prestación da asistencia, se fose necesaria, para a realización das actividades elementais da vida diaria (aseo, vestido, control de esfínteres, alimentación), así como aquelas actividades encamiñadas á protección e salvagarda da integridade persoal dos usuarios que o precisen.
- A atención social, que incluírá entre as súas actividades a valoración das circunstancias sociais dos usuarios, a promoción da súa integración, planificación de lecer e tempo libre e participación na vida do centro, na comunidade e na contorna. Apoiar, informar e orientar ás familias. As unidades residenciais deberán prestar un servizo de atención social para a realización de distintas actividades ocupacionais, socioculturais, participativas e de apoio persoal que deberá plasmarse nun programa, en función das necesidades dos residentes, con indicación do horario e do persoal encargado na súa realización.

d) Área de atención especializada, que comprenderá a asistencia por parte de persoal sanitario cualificado e zona de enfermería, para prestar os servizos e tratamentos específicos que requiran os usuarios.

2.- Unha unidade de centro de día con capacidade para **20 prazas** distribuídas da seguinte forma:

No artigo 2, no seu punto 3 da Orde do 13 de abril de 2007 pola que se desenrola o Decreto 243/1995 do 28 de xullo sobre a regulación e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención ás persoas maiores indícase o seguinte: “ *Na mesma edificación poderán integrarse*

un ou mais centros dous anteriormente citados, podendo compartir aquelas instalacións susceptibles de uso común sempre que se respecte a superficie mínima esixida por usuario e acredítese a independencia funcional de cada uns dous centros.”

Segundo esta normativa, o centro de día non constitúe unha unidade ou establecemento distinto e independente dentro do propio edificio, comparte a maior parte das súas dependencias coa unidade residencial, pero sempre cumprindo coa esixencia de independencia funcional de ambas las dúas unidades.

No réxime de atención diúrna prestaranse os seguintes servizos:

- a) Limpeza e mantemento das instalacións
- b) Servizos de valoración seguimento e avaliación
- c) Apoio ás actividades da vida diaria
- d) Lavandaría e xestión de roupa
- e) Atención sanitaria preventiva
- f) Estimulación cognitiva
- g) Manutención e dietas
- h) Transporte

15.1.2 Descrición dos servizos e areas do centro

15.1.2.1 Area de dirección e administración

Realizaranse as funcións administrativas e de xerencia propias da actividade residencial.

15.1.2.2 Area de servizos xerais

15.1.2.2.1 Cociña

Dispónse de servizo de cociña, que será propio, para a manutención dos residentes e dos usuarios do centro de día que o soliciten.

Serviranse catro comidas (almorzo, comida, merenda e cea). Os menús serán de coñecemento público dos usuarios cunha antelación mínima de 24 horas. Os menús serán planificados semanalmente e deberán garantir a achega calórico e dietético adecuado. Vixiaranse os aspectos relacionados coa hixiene e manipulación dos alimentos.

Atenderase a que os menús sexan variados, coidando a súa presentación para que sexan atractivos e apetitosos.

Xunto co menú ordinario deberán prepararse outros menús/dietas para os usuarios que os precisen.

As comidas serviránse no comedor, salvo que, por causa de enfermidade dos usuarios, haxan de fornecerse na habitación.

Este servizo será prestado por unha mercantil especializada a través dun contrato de servizos

15.1.2.2.2 Lavandería

Dispoñeráse de servizo de lavandería, atendido por persoal propio, para o lavado, repasado de repasado de roupa persoal, de aseo, de cama, etc.

Este servizo será prestado por unha mercantil especializada a través dun contrato de servizos

15.1.2.2.3 Vestiario de uso persoal

O usuario achegará a roupa e calzado de uso persoal e repoñeráa ao seu cargo. Poderá fixarse un número mínimo de mudas por usuario de acordo coas súas características. A roupa deberá estar debidamente marcada, a fin de garantir en todo caso o seu uso exclusivo polo seu propietario.

Velarase para que se renoven, con cargo ao usuario, as pezas deterioradas polo uso.

Os usuarios vestirán habitualmente roupa de rúa, adaptada ás condicións da estación en que se use. Coidarase de que o calzado se manteña en condicións adecuadas de conservación e limpeza

15.1.2.2.4 Roupa de cama, mesa e aseo

A roupa de cama, mesa e aseo achegaraa o Centro.

A muda de roupa de cama efectuarase sempre que o requiran as circunstancias e en todo caso semanalmente, así como cada vez que se produza un novo ingreso. Cambiaranse coa mesma periodicidade as toallas, servilletas, manteis e demais lenzaría.

O responsable da xestión do servizo de lavandería cambiará este tipo de roupa coa frecuencia necesaria (semanalmente) para que se manteña en condicións de uso adecuadas.

15.1.2.2.5 Almacéns

Disponse de distintos almacéns distribuídos na edificación, para o almacenamento de produtos de limpeza, lenzaría, repostos para mantemento, alimentación etc.

15.1.2.3 Area residencial

15.1.2.3.1 Dormitorios

Naquelas habitacións que sexan dobres garantirase a intimidade dos usuarios, utilizando para iso os elementos construtivos e decorativos apropiados.

Permitirase ao residente ter na súa habitación motivos de decoración e utensilios propios, sempre que non sexan inadecuados ou perigosos.

O centro dispón na actualidade de 12 dormitorios dobres e 12 individuais. Os doce dormitorios individuais poden ser convertidos en dormitorios dobres.

A superficie dos dormitorios, non é inferior en ningún caso a 8,00 metros cadrados útiles nos individuais e de 12 metros cadrados útiles nos dobres.

As camas son de 0,90 metros de anchura. polo lado oposto á cabeceira da cama e polo menos por un lateral, queda un ancho libre mínimo de 0,80 metros. Nos dormitorios previstos para persoas asistidas serán articuladas, entendendo por tales, as que se poidan abater en dúas ou máis planos. Nos dormitorios aptos para persoas con graves dificultades para o desprazamento, as camas teñen rodas que permitan a evacuación en caso de risco, ser articuladas e con elementos anti escaras.

En cada dormitorio hai unha mesa, unha cadeira e un armario individual. Teñen luz artificial na cabeceira de cada cama, enchufe e timbre de chamada centralizada a un posto permanente de control. Contarán con sistema de regulación da intensidade da luz natural, con posibilidade de escurecemento total do dormitorio.

Os dormitorios non son zona de paso fóra dos aseos de cada habitación.

As portas deixan un paso libre de 1,05 m.

15.1.2.3.2 Baños

Todos os aseos, tanto os xerais como os das habitacións permiten inscribir un círculo no seu interior de 1,50 m. de diámetros, con dimensións entre paramentos nunca inferior a 1,20 m.

Tódalas habitacións contan con aseos con ducha, inodoro e lavabo.

Existen dúas zonas de aseos para uso xeral, en planta baixa e segunda.

Todos os aseos contan cun sistema de aviso conectado ao posto permanente de control.

Dispóñense de dous baños aptos para padiolas, un preto da zona de enfermería. En planta baixa e outro en planta primeira. As portas deixan un paso libre de 1,05 m e teñen unha superficie maior de 8,00 m². O acceso realízase desde espazos de circulación, onde se pode inscribir un círculo de 2,00 m. de diámetro.

Os pavimentos de baños e aseos son antiescorregadizos. A grifería é do tipo mono mando.

Deberá garantirse o aseo persoal diario dos usuarios, prestándolles apoio no grao que sexa necesario en cada caso.

Os útiles de aseo de uso persoal serán a cargo do usuario.

Prestarase a asistencia necesaria aos usuarios que teñan autonomía limitada para vestirse, espírase, asearse ou deitarse. O material de incontinencia, no seu caso, será achegado polo Centro, ben con cargo ao Sistema de Saúde ao que estean acollidos os usuarios ou, subsidiariamente, a expensas do centro.

As próteses, órtesis, cadeiras de rodas e axudas técnicas de uso persoal, no caso de problemas físicos, serán a cargo dos usuarios, sen prexuízo da cobertura que o Sistema de Saúde correspondente prevexa en cada caso.

O Centro prestará o apoio necesario para a mobilización dos usuarios, a fin de manter un nivel de funcionalidade e de interacción social adecuado.

15.1.2.3.3 Salas de estar

A sala de estar divídese en dúas salas sumando un total de 120,45 m², superior ao mínimo establecido para o máximo de usuarios previsto. As salas de estar contan con ventilación e iluminación ao espazo exterior. Os usuarios gozarán de liberdade de movementos nas áreas de uso común do Centro.

O Regulamento de Réxime Interior fixará as normas e horarios a que deberá axustarse a utilización das dependencias comúns do centro.

Naqueles casos que, por circunstancias psicofísicas, poidan preverse situacións de risco para a integridade dos usuarios, estableceranse as medidas de protección e control necesarias.

15.1.2.3.4 Comedor

O comedor ten unha superficie de 81,02 m², superior ao mínimo establecido para as prazas previstas. Os usuarios gozarán de liberdade de movementos nas áreas de uso común do Centro.

15.1.2.3.5 Recepción e control

O vestíbulo situado na planta baixa, na entrada principal, estará dotado dun mostrador con teléfono, terminal de control, central de incendios e control de accesos, para a seguridade dos residentes, traballadores e visitantes.

Dótase dun accionador do timbre de chamada a cada praza, á beira da cama de modo que poida ser activado comodamente sen que se precise levantarse da mesma, así como nos baños individuais das habitacións e nas cabinas dos baños xerais. O sistema permitirá identificar no posto permanente de control, a habitación desde a que foi accionado e contará cunha testemuña luminosa no exterior.

15.1.2.3.6 Sala de actividades

A sala de actividades ten unha superficie superior aos mínimos establecidos para o total de prazas previstas. Nela realizaranse distintas actividades ocupacionais, socioculturais, participativas e de apoio persoal que deberá plasmarse nun programa, en función das necesidades dos residentes, con indicación do horario e do persoal encargado na súa realización.

15.1.2.4 Area de atención especializada

En planta baixa sitúase o despacho de médico e outro de enfermería. Ademais, dispóñense de dúas prazas de enfermería. As camas serán articuladas e con rodas, e o paso libre das portas nesta zona será de 1,05m.

Ao ingreso dos usuarios levará a cabo o seu estudo e avaliación interdisciplinar cun protocolo de avaliación estandarizado. Elaborarase un Plan Individual de Atención que recollerá as actuacións previstas para cada usuario de forma individualizada. A intervención a partir da avaliación das necesidades de cada persoa e a revisión da devandita intervención constitúe a estratexia máis efectiva á hora de dar resposta ás necesidades das persoas co fin de alcanzar e manter a súa saúde, autonomía persoal e integración social no maior grao posible. Ademais da intervención individual faranse intervencións grupais.

De cada usuario deberá existir un expediente persoal no que constará a información social, sanitaria e psicolóxica, así como a que poida derivarse do programa a que estea suxeito o usuario, os informes técnicos correspondentes, diagnósticos, tratamentos prescritos e seguimento e avaliación do programa que se fixou, así como as incidencias producidas no seu desenvolvemento.

O Centro efectuará o traslado e acompañamento dos usuarios a centros sanitarios, sen prexuízo de utilizar os medios e recursos do Sistema de Saúde que corresponda e de solicitar a colaboración dos familiares e achegados, no seu caso.

Nos casos en que proceda prestarase o tratamento psicolóxico, individual ou de grupo, que sexa necesario.

Propiciarase a relación entre os usuarios e os seus familiares ou achegados, facilitando as visitas destes, ofrecendo información e asesoramento en relación cos usuarios do Centro, e organizando actos e encontros colectivos entre ambos.

15.2 REXIME DE UTILIZACIÓN DO CENTRO

15.2.1 Usuarios

Poderán ser beneficiarios, aquelas persoas que cumpran os requisitos esixidos pola Ordenanza de acceso que se aprobe a tal efecto.

15.2.2 Período de adaptación

Ten como finalidade comprobar se os beneficiarios reúnen condicións físicas e psíquicas indispensables para ingresar no centro, as súas posibilidades de adaptación ao mesmo e a veracidade dos datos achegados no expediente, tidos en conta para a resolución.

O período de adaptación establecerase segundo se recolla na Ordenanzas de acceso que se aprobe a tal efecto y veña regulado por el Regulamento de Réxime Interno.

15.2.3 Réxime interior de funcionamento

Para facilitar o coñecemento do uso dos diferentes bens e servizos, o Centro exhibirá as normas de réxime interior de forma que se garante a súa publicidade. Ditas normas e calquera modificación, poñeranse en coñecemento, coa debida antelación, do Concello, para a súa conformidade.

15.2.4 Procedemento de abono das prazas

O importe por praza ocupada será o que se obteña do estudo económico que mais adiante se especificará.

Respecto ao IVE de aplicación, presentamos algunhas consultas e resolucións que poden servir de aclaración razoada sobre o tipo de IVE a aplicar en Residencias e centros de día.

Na presente Consulta analízase o tipo impositivo aplicable no Imposto sobre o Valor Engadido respecto dos servizos asistenciais realizados por unha entidade mercantil consistentes nunha residencia e centro de día para persoas maiores, en base a un contrato de servizo ou de concesión de servizo público.

A aplicación do tipo do 4% vincúlase ao cumprimento de dous requisitos

- Que se trate da prestación de servizos de tele asistencia, axuda a domicilio, centro de día e noite e atención residencial, correspondentes cos definidos nos artigos da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.
- Que se presten en prazas concertadas en centros ou residencias ou mediante prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras ou ben, como consecuencia dunha prestación económica, vinculada a tales servizos, cando dita prestación económica cubra máis do 75% do seu prezo.

Por unha banda, atendendo ao primeiro requisito e, respecto as definicións establecidas na citada Lei, hai que entender que o servizo de Centro de día abarca a atención integral durante o período diúrno ás persoas en situación de dependencia, co obxectivo de mellorar ou manter o mellor nivel posible de autonomía persoal e apoiar ás familias ou cuidadores.

Así mesmo, déixase constancia na Consulta que, a aplicación deste tipo impositivo (4%) aos mencionados servizos, efectuarase con independencia (i) de se o usuario dos mesmos dispón ou non dun Programa Individual de Atención (PIA), cuxo procedemento de recoñecemento está regulado na mesma Lei 39/2006 e, (ii) da natureza da fonte de financiamento utilizado por parte dos entes públicos contratantes (comunidades autónomas, deputacións provinciais e concellos) para a contratación da prestación de servizos, xa proceda do previsto na Lei 39/2006 ou de programas ou proxectos de financiamento propio dos devanditos entes.

Doutra banda, respecto ao segundo requisito, implica a necesidade de existencia dun control administrativo sobre os prezos que se cobran polos citados servizos, concretado na esixencia que estes servizos préstense mediante prazas concertadas en centros ou residencias ou mediante prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras.

Pola contra, na Consulta déixase constancia de que non se aplica o tipo do 4% aos servizos de tele asistencia axuda a domicilio, centro de día e noite e atención residencial que non se presten mediante prazas concertadas en centros ou residencias, isto é, préstense en réxime non concertado, cunha contraprestación pactada libremente, sexa cal fora a condición do usuario e, dispoña ou non dun Programa Individual de Atención (PIA).

Así mesmo, exponse que quedan excluídos na aplicación do tipo impositivo do 4% os servizos de prevención das situacións de dependencia e os de promoción da autonomía persoal, definidos na citada Lei 39/2006.

Finalmente, nos casos que non sexa aplicable o tipo impositivo do 4%, os servizos tributarán no Imposto sobre o Valor Engadido ao tipo do 10%.

Ou sexa, que o IVE para os servizos propios do sector xeroasistencial (residencias para a 3ª idade, centros de día para persoas maiores, tele asistencia e axuda a domicilio SAD) queda situado en tres niveles:

- Exento de IVE: Cando o servizo présteo unha entidade de Dereito público ou entidades ou establecementos privados de carácter social (ou sexa, nunca unha empresa).
- 4%, cando non hai exención e a praza é concertada ou está ocupada por un beneficiario de prestación económica vinculada, sempre que a axuda que recibe da administración supoña máis dun 75% do prezo.
- 10%, en todos os demais casos

Os prezos para aboar polas prazas ocupadas da unidade residencial e centro de día virán fixados **por mensualidades vencidas, de forma clara e precisa, e realizarase mediante recibo domiciliado a través dunha entidade bancaria.**

O Réxime Xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo dos servizos, ao ser prestado por unha administración local réxese polo establecido polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 25 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais, sendo de aplicación o previsto no artigo 58.1. c do Decreto 99/2012, e as Ordenanzas Municipais.

A participación do usuario no financiamento do custo dos servizos será determinada polos servizos sociais do Concello de A Fonsagrada en coordinación coa Deputación Provincial dunha forma progresiva en función da capacidade económica da persoa usuaria.

15.3 REXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL DO CENTRO

Sen prexuízo das facultades de inspección que, conforme á normativa vixente, atribúense a Deputación Provincial e ao Concello de A Fonsagrada, ademais da documentación expresada nos apartados anteriores, virá obrigado remitir ao Concello ou Deputación, sempre que se estime, e en todo caso dentro dos 2 primeiros meses de cada ano, unha memoria-informe referida ao ano anterior, que contará como mínimo coa seguinte información:

- 1º.- Grao de desenvolvemento e cumprimento dos servizos que se presta aos usuarios.
- 2º.- Incidencias ocorridas no persoal.
- 3º.- Movemento de usuarios, así como as principais incidencias respecto diso.
- 4º.- Estado resumo da situación do centro e dos resultados económicos.

Igualmente, e tal como xa se indicou o responsable do centro deberá comunicar mensualmente, ao Concello ou Deputación o movemento de usuarios. Así mesmo, estará obrigado a informar de calquera novidade que puidese xurdir respecto da xestión do centro tan pronto como se produza, así como a cumprir as instrucións que respecto diso reciba do Concello de A Fonsagrada ou Deputación Provincial.

16 PROGRAMA DE XESTION. CARACTERISTICAS DO SERVIZO

Nome: Xestión do Centro de Atención a Persoas Maiores de A Fonsagrada.

Concello: A Fonsagrada, con alcance da prestación prevista aos concellos da Baleira e Negueira de Muñiz

Alcance: Xestión de Residencia de maiores, e centro de día dirixido á poboación maior desde os 65 anos de idade, ou excepcionalmente maiores de 60 anos segundo se recolla na Ordenanza de acceso, co obxectivo de favorecer o desenvolvemento da atención e a autonomía persoal das persoas maiores e apoiar o labor da familia facilitando a conciliación da vida laboral e familiar. O Centro Asistencial para Persoas Maiores de A Fonsagrada ten capacidade para 28 prazas de residentes máis 2 prazas de enfermería, actualmente distribuídas en 14 cuartos dobres.

O centro de día esta previsto para 20 usuarios

A distribución anterior correspóndese coas autorizacións administrativas, actualmente en vigor

Servizos: A Deputación Provincial e o concello de A Fonsagrada poderá en todo momento ditar disposicións encamiñadas a unha maior efectividade e mellor prestación do servizo, que serán de obrigado cumprimento polo adxudicatario dos servizos contratados. Considéranse de obrigado cumprimento na actualidade as seguintes tarefas:

Tarefas cuxa prestación corresponde a Deputación Provincial co seu propio persoal ou persoal do concello de A Fonsagrada:

- DIRECCION E COORDINACIÓN DO CENTRO
- SERVICIOS ADMINISTRATIVOS, RECEPCION E INFORMACIÓN
- ATENCION SOCIAL O FAMILIAR
- ATENCION DE CARÁCTER PSICOSOCIAL
- ATENCION MEDICA SERGAS
- PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA SAUDE
- FISIOTERAPIA
- ANIMACION SOCIOCULTURAL E DE LECER
- AVALIACION E VALORACION
- MANTEMENTO INFRASTRUCTURAL E COORDINACIÓN DE CONSERVACIÓN (APARELLADOR)
- MANTEMENTO INTEGRAL (PERSOAL DE OFICIOS)
- MATEMENTO DE XARDINS (CONCELLO)
- RECOLLIDA DE LIXO (CONCELLO)
- SUMINISTRO DE ENERXIA
- COMUNICACIONES
- COBRO DE TARIFAS

- GESTION DE IMPAGADOS
- DETERMINACION DE AXUDAS
- SEGUROS E IMPOSTOS
- AUDITORIAS E CONTROL DE CALIDADE

Tarefas que **desenrolara un operador especializado** a través dun contrato de servizos

- ATENCION DIRECTA XEROCULTORES
- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS PODOLOXIA, PERRUQUERÍA, E OUTROS (SEN COBRO DIRECTO)
- LIMPEZA, LAVANDERÍA E PLANCHA
- COCIÑA
- SUMINISTRO DE ALIMENTOS E ELABORACIÓN DE DIETAS XERAIS E ESPECIFICAS BAIXO A SUPERVISION DE NUTRICIONISTA
- TRANSPORTE

Os servicios anteditos reservados a execución por operador privado **serán licitados nun único contrato ou en varios**. No caso que, se determine a licitación nun único contrato e una interpretación restritiva da Lei 9/2017 no que se refire a división en lotes do contrato de servizos previsto, obrigue a dividir este contrato en lotes, a lotificación consistirá en facer un lote polo transporte e outro lote polo resto dos servizos.

O operador elixido deberá executar os servicios que se lle adxudiquen, cumprindo estritamente coa normativa aplicable. Aténdose en todo momento á Ordenanza Municipal Reguladora e a aquelas disposicións que se diten pola Alcaldía–Presidencia de A Fonsagrada, Deputación Provincial ou órgano competente, sempre dentro das súas atribucións legais nesta materia.

Non poderá realizar modificacións nas condicións de prestación dos servizos sen autorización expresa e escrita por parte do Concello de A Fonsagrada ou Deputación Provincial. Tampouco poderá alterar as instalacións fixas do inmovible en ningún caso, nin realizar obras nel, salvo autorización expresa da Deputación Provincial.

Deberá manter en bo estado as instalacións e os bens cedidos para o uso, obrigándose especialmente a devolver, á finalización do contrato, todo o entregado nas mesmas condicións que a súa recepción orixinal. Os equipos e maquinaria afecta o servizo deberán ser sometidas ao mantemento adecuado para que a súa entrega á finalización do contrato realícese en correctas condicións de uso.

A Deputación provincial deberá realizar ademais das tarefas que lle reserva a xestión directa do centro con medios propios, a xestión administrativa necesaria para o correcto desenvolvemento da actividade no centro. Inclúese no concepto de xestión administrativa, non só as tarefas derivadas da explotación do centro, senón todas aquelas relacionadas coa admisión de usuarios. **Inclúese o cobro de tarifas**, asignación de horarios, ampliacións de horas, cambios de quenda etc. Sempre en coordinación co equipo psicopedagóxico, ou na súa falla ou departamento de Servizos Sociais do Concello.

O responsable do centro (Deputación Provincial) deberá presentar a seguinte documentación mínima aos responsables municipais, a efectos de información sobre o desenvolvemento do contrato:

- Documentación referida aos usuarios
- Documentación sobre persoal de atención directa e aspectos de formación, absentismo, vacacións, etc. (que lle ha de facilitar o responsable da contrata no caso dos xerocultores)
- Documentación económico – administrativa cando sexa requirida
- Programación de actividades
- Memoria anual por curso.

Modalidade de xestión: Xestión directa con medios propios, excepto as actividades complementarias e de atención directa (xerocultores). Exponse a xestión destes servizos complementarios a través dun contrato de servizos, ou varios, ao amparo do artigo 17 da Lei 9/2017 de 8 de novembro. Todo iso a través do correspondente Concurso público con pluralidade de criterios e procedemento aberto.

Tipo de contrato e prazo: Contrato administrativo, de servizos ao amparo do artigo 17 da Lei 9/2017 de 8 de novembro. O prazo previsto para a duración do contrato será de corenta e oito (48) meses de duración.

Posibles prorrogas ou ampliacións: A definir no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Ditas prórrogas non poderán superar un ano.

Orzamento do contrato: O que se defina no estudo económico seguinte, que garante un B.D.I ao adxudicatario do **2%** acumulado durante os catro anos de duración do contrato. Non se considera a efectos de cálculo dos custos a posible baixa do adxudicatario no concurso público.

Remuneración ao contratista: O adxudicatario **percibirá directamente da Deputación Provincial de Lugo o importe anual da adxudicación dividido en doce mensualidades**, correspondentes aos servizos prestados, e segundo a súa oferta presentada.

As obrigas económicas que se deriven do cumprimento do contrato resultante desta licitación, atenderanse con cargo á partida nº.....denominadado Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo. Así mesmo o Organismo Provincial e o concello de A Fonsagrada deberán habilitar **a partida orzamentaria correspondente para facer fronte ás axudas económicas aos usuarios. que veñen determinadas no Convenio Marco es que se perfeccionarán no correspondente Convenio Específico.**

IVE: Pendente de confirmación. Prevese unha taxa do 4% soportado no contrato de servizos

Calendario de licitación: A definir no PCAP.

Adxudicatario actual: Novo servizo

Previsión de adxudicación: A definir no PCAP

Clasificacións e solvencia esixida (gra de cumprimento): Solvencia económica, financeira e técnica ou profesional do licitador para definir no PCAP.

Clasificación: Non se esixe clasificación.

Análise Legal e de Riscos: O contrato de servizos ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente a Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos co Sector

Público, e disposicións de desenvolvemento posterior; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falla, as normas de dereito privado.

O réxime xurídico do contrato atópase constituído polo PCAP e polo PPT, que no seu momento apróbense pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo.

Responsabilidade contractual: As derivadas do Prego de Prescricións Técnicas e Administrativas.

Suspensión e rescisión do contrato: Recolleranse no PACP e serán:

- Morte ou incapacidade sobrevinda do contratista individual ou a extinción da persoa xurídica, sen prexuízo do previsto no artigo 85
- Declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- Mutuo acordo entre Administración e Contratista.
- Incumprimento das obrigacións contractuais consideradas esenciais, cualificadas como tales nos pregos do contrato.
- A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ao interese público.
- As establecidas expresamente no contrato.
- A demora superior a seis (6) meses por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo contrato.
- O rescate do servizo pola Administración Pública.
- A suspensión do servizo por razóns de interese público.
- A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia dos acordos adoptados pola Administración con posterioridade á firma do contrato.
- Acumulación de tres incumprimentos moi graves no mesmo exercicio.
- Situación de descuberto nas cotas de Seguridade Social.
- Abandono do servizo.

Ademais das indicadas previamente, serán causas de resolución o disposto nos correspondentes artigos da Lei 9/2017 do 9 de novembro.

17 ANALISE ECONOMICA GLOBAL DO SERVIZO

17.1 INTRODUCCIÓN

Como xa dixemos, a estrutura económica ou “de negocio” do centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada divídese en dous “bloques” perfectamente diferenciados e que requiren unha análise diferenciada:

Por unha banda, debemos determinar a estrutura dos custos daqueles servizos **que serán externalizados, a través dun contrato de servizos**. Custos inherentes a unha explotación

derivada dun contrato mercantil, cuxas vendas virán dadas a través dun **canon ou prezo anual** que a Deputación de Lugo deberá abonar ao contratista adxudicatario

Neste bloque deberemos considerar todos os centros de custo inherentes ás actividades reservadas para un operador externo, incluíndo as lóxicas **partidas de gastos xerais e beneficio industrial**. Os custos de persoal, baixo o prisma do convenio de residencias privadas da terceira idade de Galicia para o ano 2018, obteranse aplicando as ratios legalmente establecidas para atención directa, aos que debemos restar aquel persoal de atención directa igualmente, pero que se atopa baixo o prisma de xestión da Deputación Provincial.

Doutra banda, estudaremos os **custos asociados ás funcións de xestión directa con medios propios**. É dicir, persoal directamente dependente da Deputación Provincial ou Concello de A Fonsagrada, cos seus respectivos convenios de aplicación, subministracións, mantemento, impostos, servizos municipais, etc., e sobre todo dirección, administración e atención directa socio sanitaria.

A suma de ambos os dous bloques de custo revelaranos o **custo total do centro** de atención a maiores de A Fonsagrada. Considerando o noso obxectivo de **beneficio cero, e por tanto equilibrio orzamentario o asunción dun déficit razoable**, obteremos a estrutura das vendas, é dicir o que debería abonar cada usuario, segundo a súa tipoloxía e grao de utilización do centro.

Convén sinalar que os custos por usuario / mes ou por usuario /día neste tipo de centros adoitan situarse por encima dos que serían asumibles nunha contorna de xestión pública deste tipo de centros, polo tanto indicaremos tamén a cantidade anual que debería achegar directamente dos seus orzamentos a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de A Fonsagrada ou ambos, para obter uns prezos públicos “razoables” en concordancia co ofrecido polo mercado das residencias ou centros de día públicos.

Dado que afecta aos dous bloques de custo antes apuntados procederemos a indicar os cocientes de persoal de atención directa que se requiren para o centro.

17.2 REQUERIMENTOS DE PERSOAL DE ATENCIÓN DIRECTA GLOBAL

Polo que respecta ao persoal, a normativa autonómica detalla uns requirimentos mínimos para cada unha das categorías profesionais. Devanditos requisitos condénsanse na seguinte táboa onde se poden calcular as necesidades de cada tipo de categoría para unha residencia entre 45 e 50 prazas.

Medimos coa ratio de persoal de atención directa ao número de traballadores xerontólogos/ as e persoal sanitario que atenden aos residentes en calquera actividade da vida diaria durante tódalas quendas. Así mesmo, o persoal de atención directa presta apoio persoal na aplicación dos servizos e programas que oferta o Centro, participando, ademais, na realización de actividades, na programación, así como na avaliación dos resultados obtidos. Entre eles podemos atopar a xerocultores/as, auxiliares de enfermería, técnicos en atención socio sanitaria, enfermeiras/os, médicos, terapeutas, psicólogos/as, podólogos/as, nutricionistas, traballadores/as sociais, etc.

GALICIA

Normativa	<ul style="list-style-type: none"> • Orden de 18 de abril de 1996, por la que se desenvuelve el Decreto 243/1995, en lo relativo a la regulación de las condiciones y requisitos específicos que deben cumplir los centros de atención a mayores (DOG núm. 88, de 6 de mayo) • Orden de 5 de diciembre de 2000, por la que se regulan las ayudas económicas para la atención a personas mayores dependientes a través del cheque asistencial y la inclusión en el programa de las entidades prestadoras de servicios sociales (DOG núm. 2, de 3 de enero de 2001)
Titulación del Director	No se especifica.

Ratios y Titulaciones del Personal	<ul style="list-style-type: none"> • Todo centro residencial deberá contar con la figura de un responsable. • La ratio mínima de personal de atención directa en régimen de jornada completa será de 0,20 por usuario en módulos destinados a la atención de personas con autonomía y de 0,35 en módulos destinados a personas dependientes. Para estos efectos se entenderá como atención directa la realizada, tanto por personal gerocultor como sanitario. (NOTA: Para calcular la ratio, el Servicio de inspección de centros tienen en cuenta, aparte de gerocultores y enfermeros, a todo el equipo técnico del centro.) • Cumpliendo las ratios mínimas, las residencias que participen en el programa de cheque asistencial contarán con personal de enfermería que incluya ATS/DUE y auxiliares de enfermería o gerocultores, con un fisioterapeuta, con un animador sociocultural o monitor ocupacional y con un trabajador social. Asimismo, contarán con servicio de asistencia médica, preferentemente con formación geriátrica.
---	---

Respecto a titulación do Director/Responsable do centro debemos estar ao recollido no “Acuerdo de 19 de octubre de 2017 por el que se modifica parcialmente el Acuerdo del Consejo Territorial del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia de 27 de noviembre de 2008, sobre criterios comunes de acreditación para garantizar la calidad de los centros y servicios del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia mmodificado por el Acuerdo de 7 de octubre de 2015”

No que se especifica:

“ Los directores y directoras de los centros deberán contar con titulación universitaria y haber realizado formación complementaria en dependencia, discapacidad, geriatría, gerontología, dirección de centros residenciales, u otras áreas de conocimiento relacionadas con el ámbito de la atención a la dependencia, salvo en los puestos ya ocupados, en los que el director o directora tendrán como mínimo tres años de experiencia en el sector y contará con la formación complementaria anteriormente reseñada.”

Segundo as esixencias de persoal directo da normativa anterior e tendo en conta as características de utilización definidas para o centro:

Unidade Residencial base:

- **24** residentes dependientes
- **4** residentes válidos

Unidade de atención diurna base:

- **20** usuarios

Dos datos e requirimentos anteriores obtemos que para a atención residencial necesitaríamos **9,20 postos de traballo**, $(24 \times 0,35) + (4 \times 0,2) = 9,20$ de atención directa a xornada completa. É importante o concepto posto de traballo. Quere dicir que os equipos de persoal dos centros deben trasladarse ao concepto de plantilla equivalente, é dicir, deben terse en conta as vacacións, libranzas, IT, absentismo etc., á hora do establecemento dos custos de persoal.

A estrutura de persoal proposta, tendo en conta a carga semanal que se estima necesaria para o centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada é a seguinte:

CATEGORIA PROFESIONAL	Nº DE HORAS SEMANAIS REQUERIDAS	POSTOS DE TRABALLO
DIRECTOR	18,75	0,5
ADMINISTRACION	37,5 (inclúe recepción)	1
MEDICO	SERGAS	0
ENFERMEIRO/A. DUE	12,37	0,33
FISIOTERAPEUTA	12,37	0,33
PSICOLOGO	12,37	0,33
ANIMADOR SOCIO CULTURAL	12,37	0,33
TRABALLADOR/A SOCIAL	18,75	0,50
XEROCULTOR/ AUX. ENFERM. RES.	295,2	7,38

XEROCULT./ AUX. ENFERM. CE, DIA	120	3,00
LIMPEZA/LAVANDERIA/PLANCHA	280	7,00
COCIÑA	64	1,60
AUXILIAR DE COCIÑA	64	1,60
RECEPCIONISTA	0 (Auxiliar admitivo en centro)	0
MANTEMENTO/OFICIOS VARIOS	3,75	0,10
APARELLADOR/COORD. MANTEM.	3,75	0,10

A estrutura de persoal proposta e a seguinte:

% Xornada	Categoría	Grupo Profesional
50%	RESPONSABLE /TRABALLADOR SOCIAL	DEPUTACION
100%	OF. ADMINISTRATIVO/A. RECEPCIONISTA	DEPUTACION
	MEDICO	SERGAS
33%	ENFERMEIRO/A	DEPUTACION
50%	TRABALLADOR/A SOCIAL/RESPONSABLE	DEPUTACION

33%	ANIMADOR SOCIOCULTURAL	DEPUTACION
33%	PSICOLOGO	DEPUTACIÓN
33%	FISIOTERAPEUTA	DEPUTACION
100%	GOBERNANTA	EXTERNALIZ.
100%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ.
100%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ.
100%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ
100%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ
100%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ
100%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ
100%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ
38%	XEROCULTOR/A	EXTERNALIZ
100%	XEROCULTOR/A C. DIA	EXTERNALIZ
100%	XEROCULTOR/A C.DIA	EXTERNALIZ
100%	XEROCULTOR/A C.DIA	EXTERNALIZ
160%	COCIÑERO/A	EXTERNALIZ
160%	AUXILIAR COCIÑA	EXTERNALIZ
0%	PORTEIRO RECEP/ADMINIST.	DEPUTACION

700%	LIMP./LAV./PLANCHA	EXTERNALIZ.
10%	AUX. MANTEM./XARDINS	DEPUT/CONCELLO
10%	APARELLADOR	DEPUTACION

O anterior supón unha estrutura de persoal de atención directa xerontolóxica que deberá xestionar a empresa contratada para o efecto de **7,38 postos de traballo**, o que supón **295,2 horas semanais de atención directa** para a atención residencial, e **3** postos de traballo e **120** horas semanais para o centro de día. O persoal de atención directa restante ata os **9,20** esixidos (**1,82**) formarán parte do custo de persoal asignado á Deputación Provincial.

Sinalar como relevante o seguinte:

- Considérase necesaria a presenza dun responsable do centro a xornada completa.
- Considérase necesaria a presenza dun/a ATS/DUE a un tercio de xornada, a maiores da utilización do sistema público de saúde (SERGAS)
- Considérase necesaria a figura dun administrativo/a (auxiliar administrativo) a xornada completa no centro que fará os labores de atención ao público e recepción.
- Aglutinar en canto a carga horaria, o persoal de mantemento interior do centro e o exterior.
- Para o centro de día considerase necesaria a presenza de 3 xerocultoras a xornada completa, a maiores das 8,23 computadas para a unidade residencial.

Na táboa anterior reflíctese a relación de persoal coa súa dedicación en porcentaxe de horas semanais previstas. Así a porcentaxe de xornada expresado do 38% implica que a carga horaria dese posto de traballo representa 15,2 horas de traballo efectiva á semana sobre unha xornada completa semanal de **40 horas**. Para o persoal de xestión directa por parte da Deputación considerase una xornada semanal de **37,5 horas**.

O 700% de xornada previsto para o persoal de limpeza, lavandería e ferro representa que a carga horaria semanal é a correspondente a **7 persoas** a xornada completa, é dicir $7 \times 40 =$ **280 horas á semana**.

17.2.1 Convenio Colectivo de aplicación

Para o custo de persoal do servizo externalizado:

III. OTRAS DISPOSICIONES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPLEO E INDUSTRIA

RESOLUCIÓN de 13 de marzo de 2018, de la Secretaría General de Empleo, por la que se dispone la inscripción en el registro y la publicación en el Diario Oficial de Galicia del IV Convenio colectivo de residencias privadas de la tercera edad de Galicia.

Para o persoal a cargo da Deputación ou concello, estarase a táboas salariais remitidas pola Deputación para as diferentes categorías: A1, A2, C1 e C2.

18 ESTRUCTURA DE COSTOS DO SERVIZO EXTERNALIZADO

Xa indicamos aquelas funcións que serían desenvolvidas a través dun operador especializado. Polo tanto, imos establecer de seguido, o custo das mesmas e como consecuencia o canon anual que a Deputación Provincial de Lugo deberá propoñer **como tipo de licitación** no concurso aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación que servirá de base para a adjudicación do devandito servizo.

Volvemos lembrar que se establecerá un custo certo do servizo externalizado, considerando un BDI para o adjudicatario do **2%** na globalidade dos catro anos de contrato, e que se trata do tipo de licitación a partir do cal os licitadores interesados poderán presentar as súas propostas á baixa. Esta posible baixa non foi en ningún momento tida en conta.

18.1 CUSTOS DE PERSOAL

Do contido do Convenio anteriormente citado extráense os seguintes custos unitarios do persoal segundo a súa categoría profesional.

18.1.1 Custos unitarios de persoal

Nas seguintes táboas indicaremos o custo unitario do persoal para as diferentes categorías profesionais implicadas na xestión do centro, e que serían:

- Gobernante/a
- Xerocultor/a

- Cociñeiro
- Auxiliar de cociña
- Limpador/a, lavandería e ferro.
- Transporte

Presentase actualizadas as táboas a 2018



Custo unitario anual do Governante/a

CUSTO UNITARIO DE PERSOAL			
XESTIÓN CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA			
OFERTA:	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		PARTIDA:
DATA:			LICITA:
CATEGORIA	GOBERNANTE/A		Persoal
CONVENIO:	CONVENIO DE RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE	ANO	2.018
1- SALARIO BRUTO			
Nº	CONCEPTO	COSTE UNITARIO	TOTAL ANO
12	SALARIO BASE	1.011,29 €	12.135,48 €
0	COMPLEMENTO ASISTENCIA	72,61 €	- €
12	COMPLEMENTO DOMINGOS	- €	- €
1	PAGA EXTRAORDINARIA DE VERAN	937,23 €	937,23 €
1	PAGA EXTRAORDINARIA DE NADAL	937,23 €	937,23 €
	SUBTOTAL		14.009,94 €
2- SEGURIDADE SOCIAL EMPRESARIAL			
%	CONCEPTO	Sobre	TOTAL
23,60%	. Régimen general:	14.009,94 €	3.306,35 €
5,50%	. Desempleo:	14.009,94 €	770,55 €
0,60%	. Formación profesional:	14.009,94 €	84,06 €
0,20%	. Fondo de Garantía:	14.009,94 €	28,02 €
1,00%	. Accidentes de Trabajo:	14.009,94 €	140,10 €
	SUBTOTAL		4.329,07 €
3- CUSTO TOTAL			
		2018	
	0,00%	0	- €
	0,00%	0	- €
4- CUSTO REVISADO			
		€ / AÑO	18.339,01 €
		€ / XORNADA (224 XORNADAS EFECTIVAS)	81,87 €

Custo unitario anual do xerocultor/a

CUSTO UNITARIO DE PERSOAL			
XESTIÓN CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA			
OFERTA:	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO	PARTIDA:	Persoal
DATA:		LICITA:	
CATEGORIA	XEROCU XEROCULTORES/AS		
CONVENIO:	CONVENIO DE RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE	ANO	2.018
1- SALARIO BRUTO			
Nº	CONCEPTO	COSTE UNITARIO	TOTAL ANO
12	SALARIO BASE	1.011,29 €	12.135,48 €
0	COMPLEMENTO ASISTENCIA	72,61 €	- €
12	COMPLEMENTO DOMINGOS	- €	- €
1	PAGA EXTRAORDINARIA DE VERAN	937,23 €	937,23 €
1	PAGA EXTRAORDINARIA DE NADAL	937,23 €	937,23 €
	SUBTOTAL		14.009,94 €
2- SEGURIDADE SOCIAL EMPRESARIAL			
%	CONCEPTO	Sobre	TOTAL
23,60%	. Régimen general:	14.009,94 €	3.306,35 €
5,50%	. Desempleo:	14.009,94 €	770,55 €
0,60%	. Formación profesional:	14.009,94 €	84,06 €
0,20%	. Fondo de Garantía:	14.009,94 €	28,02 €
1,00%	. Accidentes de Trabajo:	14.009,94 €	140,10 €
	SUBTOTAL		4.329,07 €
3- CUSTO TOTAL			
		2018	
	0,00%	0	- €
	0,00%	0	- €
4- CUSTO REVISADO			
		€/ AÑO	18.339,01 €
		€/ XORNADA (224 XORNADAS EFECTIVAS)	81,87 €

Custo unitario anual do cociñeiro/a

CUSTO UNITARIO DE PERSOAL				
XESTIÓN CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA				
OFERTA:	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		PARTIDA:	Persoal
DATA			LICITA:	
CATEGORIA	COCIÑEIRO/A			
CONVENIO:	CONVENIO DE RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE		ANO	2.018
1- SALARIO BRUTO				
Nº	CONCEPTO		COSTE UNITARIO	TOTAL ANO
12	SALARIO BASE		993,79 €	11.925,48 €
0	COMPLEMENTO ASISTENCIA		72,61 €	- €
12	COMPLEMENTO DOMINGOS		- €	- €
1	PAGA EXTRAORDINARIA DE VERAN		919,72 €	919,72 €
1	PAGA EXTRAORDINARIA DE NADAL		919,72 €	919,72 €
	SUBTOTAL			13.764,92 €
2- SEGURIDADE SOCIAL EMPRESARIAL				
%	CONCEPTO		Sobre	TOTAL
23,60%	. Régimen general:		13.764,92 €	3.248,52 €
5,50%	. Desempleo:		13.764,92 €	757,07 €
0,60%	. Formación profesional:		13.764,92 €	82,59 €
0,20%	. Fondo de Garantía:		13.764,92 €	27,53 €
1,00%	. Accidentes de Trabajo:		13.764,92 €	137,65 €
	SUBTOTAL			4.253,36 €
3- CUSTO TOTAL				
		2018		
	0,00%		0	- €
	0,00%		0	- €
4- CUSTO REVISADO				
		€ / AÑO		18.018,28 €
		€ / XORNADA (224 XORNADAS EFECTIVAS)		80,44 €

Custo unitario anual do auxiliar de cociña

CUSTO UNITARIO DE PERSOAL			
XESTIÓN CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA			
OFERTA:	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO	PARTIDA:	Persoal
DATA:		LICITA:	
CATEGORIA	AUXILIA	AUXILIAR DE COCIÑA	
CONVENIO:	CONVENIO DE RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE		ANO 2.018
1- SALARIO BRUTO			
